



PLAN DE CONVIVENCIA

IES As Lagoas

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES AS LAGOAS

TÍTULO I: PRINCIPIOS XERAIS

Capítulo 1. O Plan de Convivencia.

Artigo 1.

1. O Plan de Convivencia do IES As Lagoas é o documento onde se articula a organización da convivencia escolar para garantir unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.
2. O Plan de Convivencia recolle e desenvolve os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia, e integra o principio de igualdade entre mulleres e homes.
3. O contido do Plan de Convivencia é un elemento central de referencia para os outros documentos organizativos e curriculares do centro, sinaladamente a concreción curricular (respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada), o plan xeral de atención á diversidade, o plan de acción titorial e a programación xeral anual.

Capítulo 2. Obxectivos xerais.

Artigo 2.

O Plan de Convivencia contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Capítulo 3. Situación de convivencia no IES As Lagoas

Artigo 3.

1. O diagnóstico da situación de convivencia do IES As Lagoas que presenta o Plan de Convivencia do IES As Lagoas deriva dos resultados dos cuestionarios cubertos polo alumnado e outros membros dos distintos sectores da comunidade educativa en novembro de 2015. Estes resultados e a súa análise aparecen detallados nos anexos I e II respectivamente.
2. Coa periodicidade que estime o Consello Escolar por proposta da Comisión de Convivencia, faranse as sondaxes entre os membros da comunidade educativa que permitan advertir a evolución da convivencia no Instituto, xa de forma xeral ou dalgún aspecto que sexa conveniente avaliar de forma específica.

Capítulo 4. Obxectivos específicos de convivencia do IES As Lagoas

Artigo 4.

Como resultado das análises e avaliacións a que se refire o artigo 3, no marco dos obxectivos xerais, do IES As Lagoas presenta os seguintes obxectivos específicos de convivencia:

1. Asegurar os principios e actuacións que producen a satisfacción xeral da comunidade escolar e permiten que o Instituto sexa percibido como un marco favorable para o aproveitamento no estudo e o desenvolvemento saudable de amizades entre os alumnos.
2. Consolidar as actuais intervencións sobre a convivencia e as liñas de comportamento que a propia comunidade escolar percibe como presentes e positivas no Instituto.
3. Manter a prevención ante a posible introdución de condutas ambientais negativas que afortunadamente, se recoñecen ausentes ou de moi escasa presenza no centro.
4. Profundar no clima dominante de confianza e cooperación que se dá entre os alumnos e nas relacións que estes teñen cos membros do profesorado e o propio centro como institución.
5. Valorar positivamente o grao de participación do alumnado nas actividades do centro e de intervención que exercen os seus representantes, pero aplicar medidas que tendan a incrementalo no posible ante a constancia de que hai unha porcentaxe que permanece allea a estes intereses.
6. Avaliar favorablemente e profundar no recoñecemento que manifestan os pais e nais en relación coas funcións do profesorado e, reciprocamente, na disposición positiva xeral que este percibe dos proxenitores dos alumnos.
7. Desenvolver medidas que permitan localizar e aplicar medidas de protección axeitadas a determinados membros do alumnado (nomeadamente alumnas) que manifestan seren vítimas de ofensas, agresións ou acoso. Entre elas, as que tendan a evitar a pasividade dos compañeiros ante estas condutas.
8. Establecer as pautas e medidas pedagóxicas axeitadas que, á parte de favorecer o clima de respecto, reforcen a asertividade e resolvan a limitada eficacia das axudas aos alumnos e alumnas vítimas de ofensas ou agresións.
9. Acentuar nas programacións anuais e nos plans de acción titorial (ou introducir no seu caso) aspectos que non se recoñecen suficientemente desenvolvidos, significadamente os que se refiren á igualdade de xénero e erradicación das condutas machistas.
10. Identificar aos efectos pedagóxicos aqueles membros do alumnado (principalmente alumnas) que, nun marco moi maioritario de grata convivencia, sinalan de forma

significativa problemas de inadaptación, na formación de amizades, etc., para aplicar medidas personalizadas de integración.

11. Adoptar e propoñer medidas que reforcen a atención e vixilancia aos espazos ou momentos máis problemáticos e con risco de conflito: o recreo (espazo, saídas..., baixo a responsabilidade do persoal do centro) e as redes sociais (con necesaria intervención das familias).
12. Aplicar medidas que incrementen a concienciación e as prácticas de respecto, coidado e limpeza dos materiais e instalacións do centro.
13. Acrecentar as actuacións que tendan a evitar o consumo de tabaco, alcol e outras drogas advertido no alumnado do Instituto e, da mesma maneira, as que procuren hábitos de saúde, aseo e limpeza persoal.
14. Procurar prácticas xerais que eviten situacións de desorde e desprotección dos materiais do centro ou das persoas, singularmente as que se relacionan coas entradas e saídas indebidas das aulas (incluso en períodos de clase), furtos de obxectos ou diñeiro dos alumnos e deterioracións de equipos e instalacións.
15. Establecer directrices en relación coa aplicación das medidas correctoras que tendan a asegurar a eficacia na corrección das condutas e a comprensión das medidas por parte dos alumnos.
16. Dentro das xerais coincidencias sobre o relevo que teñen para a convivencia os distintos factores ou intervencións, propoñer reflexións entre o profesorado sobre asuntos como a propia formación sobre convivencia, a mediación ou a importancia propia conduta respectuosa en relación cos alumnos.
17. Igualmente entre o profesorado, propoñer a reflexión sobre a pouca extensión do traballo en grupo e a aplicación que esta práctica cooperativa pode ter para as accións de convivencia.
18. Poñer en coñecemento dos distintos sectores da comunidade escolar e aclarar no seu caso, os aspectos confusos que se refiren aos órganos que interveñen na convivencia e as actuacións específicas que se desenvolven no Instituto nesta área.
19. Trasladar ás familias a conveniencia de participar en accións formativas que, á parte das sinaladas con carácter xeral nos puntos anteriores, permitan unha reflexión sobre a comunicación cos propios fillos adolescentes, as directrices para unha intervención eficaz en relación co estudos dos fillos e o centro, o importancia de internet e as redes sociais...

Artigo 5.

A Comisión de Convivencia velará polo cumprimento dos obxectivos sinalados, instando a aplicación dos medios de observación a que se refire o artigo 6 e propoñendo as medidas que considere máis adecuadas.

TÍTULO II.

ACTUACIÓN MEDIDAS E PROGRAMAS

Capítulo 1. Actuación preventivas

Artigo 6.

As actuacións preventivas que contribúan á detección e xestión da conflictividade serán, como mínimo, as seguintes:

- a) Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, co fin de facilitar o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións e medidas reeducadoras.
- b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.
- c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres e de previsión de posibles situacións de violencia de xénero.
- d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- e) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores. Compromiso de aplicar con maior rigor as normas de organización e funcionamento establecidas neste Plan de Convivencia relacionadas coa orde xeral, incluíndo as que poidan introducirse puntualmente en aspectos como as entradas e saídas da aula, protección dos obxectos dos alumnos, comprobación do estado dos espazos da clase ao abandonalos, etc.

Artigo 7.

O plan xeral anual e o plan de acción titorial incluírán a programación deste tipo de actividades.

Capítulo 2. Actuacións formativas.

Artigo 8.

Son as accións de formación dirixidas aos distintos membros da comunidade educativa que teñan como obxecto favorecer a convivencia no centro, a igualdade entre mulleres e homes e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Tamén teñen este carácter as específicas destinadas a mellorar a formación no ámbito da educación para a cultura da paz, a igualdade entre mulleres e homes, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

Artigo 9.

O plan xeral anual e o plan de acción titorial incluírán a programación concreta deste tipo de actividades entre os alumnos e, se for o caso, en colaboración coa ANPA, entre as familias destes. Igualmente, en colaboración co centro de formación, promoverá a incorporación do profesorado a este tipo de formación permanente.

Capítulo 3. O programa de habilidades sociais e outras accións para a mellora da convivencia.

Artigo 10.

1. O IES As Lagoas desenvolverá o programa que figura no anexo III de adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado, elaborado polo departamento de orientación como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia.
2. O programa de habilidades sociais está dirixido principalmente ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro, así como a aqueles alumnos que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estean temporalmente privados do seu dereito de asistencia ao centro.
3. A aplicación concreta do programa contemplará a necesaria coordinación entre o departamento de orientación, o profesorado titor e o equipo de convivencia inclusiva, procurando implicar o resto do profesorado, as familias e os servizos sociais cando corresponda.

Artigo 11.

1. O plan de acción titorial e o departamento de orientación contemplarán o desenvolvemento doutros programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual ou a igualdade entre homes e mulleres.
2. Os órganos do IES As Lagoas potenciarán a participación nos programas de mellora da convivencia promovidos pola Consellería e outras institucións así como o uso de medios e recursos didácticos que estas poñan ao seu dispor.

Capítulo 4. Aula de convivencia inclusiva.

Artigo 12.

1. É función da aula de convivencia inclusiva substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á propia aula no menor tempo posible.
2. De forma xeral, é tamén o lugar de encontro do alumnado co profesorado especificamente destinado a esta función para o tratamento dos alumnos responsables de situacións reiteradas de conflito e a súa corrección.

Artigo 13.

A aula de convivencia inclusiva e o equipo de profesores que o conforman réxense polas normas que figuran no artigo 169 e seguintes do capítulo 2 do título XII deste Plan de Convivencia.

Capítulo 5. Mediación escolar.

Artigo 14.

1. A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos pola que unha terceira persoa axuda ás dúas partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas.
2. Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais que se sinalan no capítulo 2 do título X deste Plan de Convivencia, o centro poderá utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

3. Nos supostos menos graves de situacións de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nas mesmas.

Artigo 15.

Enténdese a mediación entre iguais como forma de resolver conflitos entre dous ou máis compañeiros coa axuda dunha terceira persoa imparcial, o mediador. Os mediadores non son xuíces nin árbitros, non impoñen solucións, nin opinan sobre quen ten a verdade. Os mediadores son alumnos con formación neste ámbito que regulan o proceso de comunicación cara unha posible solución que satisfaga ás partes en conflito.

Artigo 16.

O proceso de mediación debe garantir a voluntariedade, a confidencialidade e a imparcialidade, así como basearse no diálogo. Os mediadores exercerán as seguintes funcións:

- a) Guiar o proceso (non asumen a responsabilidade de transformar o conflito).
- b) Axudar ás partes a identificar e satisfacer as súas necesidades e intereses.
- c) Estar atentos aos valores polos que se guían as partes.
- d) Axudar ás partes a comprenderse e a sopesar os seus puntos de vista para chegar a acordos.
- e) Xerar confianza entre as partes en conflito.

Artigo 17.

O proceso de mediación seguirá as seguintes pautas:

- a) Presentación e regras de xogo.
- b) Escoita das partes.
- c) Clarificación do problema.
- d) Proposición de solucións.
- e) Adopción de acordos.

Artigo 18.

1. No centro constituiranse Grupos de Mediación e Convivencia formados por alumnos e alumnas que desexen axudar a aqueles compañeiros que teñan algún problema e, coas condicións e disposición persoal que se sinala no punto seguinte, teñan adquirido a formación necesaria para desempeñar a súa función.
2. O alumnado que desexe participar terá que estar disposto a entregar parte do seu tempo libre, tanto para a súa formación como para a resolución de conflitos; terá que saber escoitar, procurar empatía poñéndose no lugar do outro, ser discreto e moi respectuoso coas situacións nas que trate de axudar.
3. Sen prexuízo do carácter voluntario desta función, é actividade da titoría animar e promover como mediadores aqueles alumnos que reúnan mellores condicións e gocen da aceptación dos compañeiros.
4. Preferentemente, os grupos de mediación actuarán nas situacións nas que os seus compañeiros os precisen, tales como:
 - a) Conflitos entre alumnos.
 - b) Problemas de integración, illamento e rexeitamento.
 - c) Alumnado que se incorpora unha vez iniciado o curso (alumnos axuda)
 - d) Violencia verbal.
 - e) Alumnado estranxeiro con problemas de adaptación.

Artigo 19.

A constitución de grupos de mediación aterase ao seguinte procedemento:

- a) A persoa responsable da coordinación dos grupos de mediación porase en contacto, ao inicio de cada curso escolar, co alumnado interesado nas horas de titoría lectiva e contará coa colaboración das persoas titoras.
- b) O alumnado seleccionado recibirá formación inicial en habilidades sociais e de resolución de conflitos a través dun obradoiro impartido por persoal cualificado. Cada curso actualizarase a formación dos mediadores que xa actuaran en cursos anteriores. O alumnado participante recibirá un diploma como mediador ou mediadora ou como asistente ao curso de formación.
- c) Unha vez detectado un conflito, porase en coñecemento da persoa titora e da xefatura de estudos e será esta quen faga a oportuna derivación á persoa coordinadora para organizar a actuación dos mediadores, sempre contando co previo consentimento das partes implicadas.
- d) Os mediadores actuarán por parellas baixo a supervisión dun adulto e cos criterios que eles mesmos establezan ao inicio de cada curso escolar (parellas de alumno e alumna, mediación por orde de actuación e sempre que non haxa un rexeitamento das partes implicadas no conflito, rotación trimestral, etc.)
- e) As persoas coordinadoras reuniranse polo menos unha vez ao mes cos equipos de mediación.
- f) Cada curso escolar redactarase un protocolo de actuación mediadora que se dará a coñecer entre o alumnado e os responsables da titoría de cada grupo. Entre as medidas incluírá a instalación nun lugar central da caixa de correos do servizo de mediación.

Artigo 20.

A derivación dun caso de conflito para que actúe a mediación seguirá as seguintes pautas:

- a) Poderase utilizar a instancia de calquera membro da comunidade educativa sempre que as partes en conflito a acepten voluntariamente.
- b) Cando nas solicitudes de mediación concorran condutas contrarias á convivencia nas que sexa necesaria a actuación da xefatura de estudos, esta poderá ofrecer a mediación, valorando a súa viabilidade coa persoa coordinadora. No caso contrario, as partes en conflito poderán acceder voluntariamente á mediación como estratexia reparadora, antes ou despois da aplicación da medida correctora, co fin de restablecer as relacións entre as persoas implicadas.
- c) Quitado o caso da acción mediadora que se vincula ao procedemento conciliado que se regula no capítulo 4 do título X, cando a xefatura de estudos ofrezca a mediación interromperase, mentres esta non se resolva, calquera outro procedemento correctivo do centro.
- d) As persoas mediadoras informarán á xefatura de estudos do resultado da mediación e da data de revisión dos acordos, garantindo a confidencialidade do proceso.
- e) O cumprimento dos acordos de mediación poderá ser tido en conta como atenuante dunha posible sanción ou ben dará lugar á finalización do proceso correctivo.
- f) Se o proceso de mediación se interrompe ou finaliza sen acordo ou se incumpren os pactos de reparación, as persoas mediadoras deben comunicar estas circunstancias á xefatura de estudos quen retomará o proceso disciplinario.

Capítulo 6. Protocolos de actuación e documentos.

Artigo 21.

Os protocolos relativos ao procedemento corrector das faltas contra a convivencia que se regulan nos títulos X e XI deste Plan de Convivencia baséanse nos que subministrou a Consellería de Educación no enderezo web seguinte: <http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>.

Artigo 22.

Os modelos normalizados de documentos que conteñen as dilixencias, resolucións, comunicacións, etc., relativos ao procedemento corrector das faltas contra a convivencia, son o resultado da adaptación dos modelos achegados pola Consellería de Educación no enderezo web seguinte:

http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/procedemento_corrector_modelos_normalizados.pdf

Artigo 23.

O protocolo específico para os casos de acoso xunto cos documentos normalizados de comunicación correspondentes, reproduce de forma adaptada o que achega a Consellería de Educación no enderezo web seguinte:

http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/acoso_e_ciberacoso_protocolo_xeral_rev15_12_10.pdf

Capítulo 7. Difusión das actuacións, programas e medidas.

Artigo 24.

Á parte da difusión destas actuacións e medidas entre os distintos sectores da comunidade escolar, os órganos do IES As Lagoas promoverán a colaboración con outras entidades, organismos e institucións públicas co fin de atender máis axeitadamente os casos de conflito en relación coa convivencia e, de forma xeral, incentivar a cultura da paz, previr a violencia e o acoso escolar. Da mesma maneira, promoverá a participación en espazos de reflexión, discusión e posta en común de aspectos relacionados coa convivencia escolar.

Artigo 25.

O IES As Lagoas facilitará aos organismos públicos a experiencia das propias actuacións, programas e medidas que se demanden e propiciará un diálogo frutífero con outras comunidades escolares para incorporar reciprocamente as que se vexan convenientes.

Capítulo 8. Seguimento e avaliación das actuacións.

Artigo 26.

Na finalización de cada trimestre, o persoa responsable da xefatura de estudos informará ao Claustro e Consello Escolar das principais actuacións desenvolvidas e someterá a avaliación o estado de convivencia no centro.

Artigo 27.

Os informes anuais que realice a Comisión de Convivencia serán sometidos á avaliación dos órganos do centro. Os informes terán en conta o resultado das actuacións que foron mencionadas neste título II, sobre a base das informacións subministradas pola xefatura de estudos e os equipos de aula de convivencia e de mediación.

TÍTULO III

DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN RELACIÓN COA CONVIVENCIA

Capítulo 1. Deberes e dereitos das nais e pais ou dos titores legais.

Artigo 28.

Sen prexuízo do establecido nas leis orgánicas de educación, as nais e pais e os titores legais dos alumnos son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación:

1. A seren respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
2. A estaren informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou pupilos, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros do equipo directivo cando proceda.
3. A recibiren información sobre as normas que regulamentan a convivencia do IES As Lagoas.
4. A seren oídos, nos termos previstos pola lei e este Plan de Convivencia, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou pupilos.
5. A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que teña establecidos a Administración educativa.

Artigo 29.

Como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou pupilos, as nais e pais e os titores legais teñen os seguintes deberes:

1. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro.
2. Coñecer as normas do Instituto, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
3. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
4. Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos fillos ou pupilos

Capítulo 2. Dereitos e deberes do alumnado.

Artigo 30.

Recoñécense ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

1. A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
4. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
5. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Artigo 31.

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

1. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
2. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
3. Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
4. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
5. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
6. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do IES As Lagoas.
7. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
8. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Capítulo 3. Dereitos e deberes do profesorado.

Artigo 32.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
4. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
5. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
6. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa
7. A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar.
8. A recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Artigo 33.

Son deberes do profesorado:

1. Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases, as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoa en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

3. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
4. Informar ás nais e pais ou aos titores legais sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos fillos ou pupilos, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa.
5. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Capítulo 4. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos.

Artigo 34.

Ao persoal de administración e de servizo, no marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
4. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
5. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

Artigo 35.

Son deberes do persoal de administración e de servizos:

1. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
4. Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

Capítulo 5. O deber de comunicación dos incumprimentos. O parte de incidencias.

Artigo 36.

1. A colaboración que os membros da comunidade escolar teñen en relación coa mellora da convivencia inclúe a observación e comunicación das faltas e incumprimentos das normas de convivencia que se observen.
2. A detección e comunicación das condutas contrarias á convivencia é un deber explícito dos profesores e persoal da administración e servizos, sen prexuízo das potestades que os primeiros teñen para a aplicación inmediata das medidas de corrección que lles corresponden segundo se indica no artigo 160 deste Plan de Convivencia.

Artigo 37.

1. O parte de incidencias é o recurso formal ordinario que ten o profesorado e o persoal de administración e servizos para o rexistro e comunicación de todo tipo de faltas contra a convivencia da que sexan responsables os alumnos.
2. Nos partes de incidencias comúns figurarán, polo menos, os seguintes datos:
 - a) Identificación do alumno ou alumna responsable da falta (nome, apelidos, grupo...)
 - b) Identificación da persoa que transmite a incidencia (profesor, profesora, membro do persoal...)
 - c) Localización do espazo, día e hora en que se produciu.
 - d) Identificación do tipo de falta consonte a variedade que sinala o artigo 158.
 - e) Calquera observación que precise os feitos e, se fose o caso, a medida de corrección inmediata aplicada entre as que poden adoptar os profesores, titores e os distintos órganos do centro.
3. As comunicacións de incidencias susceptibles de seren consideradas condutas graves contra a convivencia esixirán a precisión de datos que se sinala no artigo 137.

Artigo 38.

Ningunha falta contra a convivencia con mínimo relevo debe quedar sen rexistro no parte correspondente. A existencia dun parte de incidencias implicará a correspondente medida de corrección, cando menos, a amoestación privada. Da mesma maneira, ningunha medida de corrección pode aplicarse sen ir acompañada do parte de incidencia que lle corresponde.

Artigo 39.

A acumulación de partes é relevante para a determinación de falta de maior gravidade e a conseguinte consideración de medidas apropiadas de corrección.

TÍTULO IV

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO: ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN

Capítulo 1. Participación no funcionamento do centro.

Artigo 40.

Todos os membros da comunidade escolar do IES As Lagoas teñen o dereito de participar no funcionamento do centro tal e como dispoñan as leis vixentes e o presente Plan de Convivencia. Tal participación desenvolverase, primordialmente, a través dos distintos órganos de representación de cada estamento e centrarase naqueles aspectos que afecten aos distintos colectivos de xeito directo ou ao funcionamento do centro en xeral.

Capítulo 2. Órganos de representación do alumnado. Os delegados.

Artigo 41.

1. Nas catro primeiras semanas de clase cada grupo elixirá un delegado ou delegada e un subdelegado ou subdelegada en votación universal e secreta entre os compoñentes do grupo. A votación será convocada e presidida polo titor ou titora e dela levantarase acta, que se conservará na xefatura de estudos. Neste labor, o titor ou a titora estarán asistidos por dous membros do grupo elixidos ao chou que actuarán como secretario, o máis novo, e como vocal.

2. Os alumnos que desexen presentar as súas candidaturas disporán dun breve tempo antes da votación para manifestar a súa intención e expoñer as súas ideas programáticas.
3. Cada alumno ou alumna poderá depositar unha papeleta na que faga constar o nome da persoa que desexa que represente o grupo.
4. Resultará elixido delegado ou delegada quen obteña a maioría absoluta na primeira votación. De non acadar a maioría absoluta ningunha das persoas votadas na primeira votación, deberá realizarse unha segunda volta entre os tres membros do alumnado que tivesen maior número de sufraxios, na que abondará con obter a maioría simple. En caso de empate, atenderase aos seguintes criterios prioritarios: 1) maior número de votos na primeira volta; 2) maior idade.
5. Será elixido subdelegado ou subdelegada quen quede en segundo lugar no número de votos. Para resolver os casos de empate aplicaranse os mesmos criterios que se expoñen no punto anterior.

Artigo 42.

As funcións dos delegados son as seguintes:

1. O delegado ou delegada ostenta a representación dos seus compañeiros. En ausencia deles ou por delegación serán substituídos polo subdelegado ou subdelegada.
2. Os delegados actuarán como voceiros do grupo e serán ponte de comunicación entre os seus compañeiros e os demais órganos de representación e integrantes individuais da comunidade escolar do centro. No exercicio desta función teñen o dereito a seren atendidos nas súas xestións e non poderán ser sancionados polo axeitado cumprimento de tal misión.
3. O delegado ou delegada transmitirá ao profesorado do grupo ou ao titor ou titora as inxedanzas dos seus compañeiros e colaborará con eles para a resolución dos problemas ou dificultades que poidan xurdir.

Artigo 43.

Os delegados poderán reunirse fóra das horas de clase (e só excepcionalmente en tempo lectivo), previa comunicación á xefatura de estudos e autorización desta, para tratar asuntos que afecten ao colectivo de alumnos. Dos acordos tomados que incidan na actividade do centro trasladarase comunicación por escrito á xefatura de estudos.

Artigo 44.

1. Os cargos de delegado ou delegada e subdelegado ou subdelegada terán unha vixencia dun curso académico. Os representantes de grupo desempeñan o seu labor ao longo do curso académico no que foron elixidos.
2. A destitución dos delegados e subdelegados producirase no caso de seren sancionados por comisión de faltas gravemente prexudiciais contra a convivencia ou cando o mesmo Consello Escolar así o decida, a proposta fundamentada da dirección ou da Xunta de Delegados, por haber constancia do incumprimento reiterado das funcións que os representantes do alumnado teñen asignadas.
3. Se a maioría absoluta do alumnado dun grupo solicita a substitución dalgún dos seus representantes, en escrito razoado e asinado polos demandantes dirixido á dirección, esta aceptará a petición e dará instrucións ao titor ou titora para que se proceda a unha nova elección.
4. Os delegados e subdelegados poderán presentar a súa dimisión en escrito dirixido á dirección, que deberá oír as razóns alegadas e aceptala no caso de que o representante dimisionario se ratifique na súa decisión. Neste caso procederase a unha nova elección.

Capítulo 3. Órganos de representación do alumnado. A xunta de delegados.

Artigo 45.

A Xunta de Delegados estará formada polo delegado ou delegada de cada grupo e os representantes do alumnado no Consello Escolar. Terá unha vixencia dun curso escolar.

Artigo 46.

A Xunta de delegados ten as seguintes funcións:

1. Ser ponte de comunicación entre os órganos de goberno do centro e o alumnado.
2. Trasladar propostas á dirección e aos órganos do centro.
3. Elaborar propostas de modificación das normas de convivencia, organización e funcionamento.
4. Informar aos estudantes das súas actividades.
5. Informar dos seus acordos aos órganos de goberno do centro e o alumnado.
6. Solicitar a inclusión de puntos na orde do día do Consello Escolar.
7. Informar sobre as novidades normativas do centro ou as que se deriven das novas leis educativas.
8. Aqueloutras que a lei lle atribúa ou que ela mesma se marque no seu regulamento dentro do respecto ás normativas vixentes.

Artigo 47.

A Xunta constituirase mediante convocatoria da xefatura de estudos en canto estea finalizado o proceso electoral de elección de representantes de grupo. Na primeira sesión elixirase por sufraxio secreto, en primeiro lugar, un presidente, e logo un secretario, en ambos os casos cos mesmos criterios que se expresan no artigo 41. Os representantes que desexen presentar as súas candidaturas a presidente disporán dun breve tempo antes da votación para manifestar a súa intención e expoñer as súas ideas programáticas.

Artigo 48.

1. Quen exerza a presidencia terá como funcións convocar e presidir as reunións e coordinar as actividades da Xunta. Será función do secretario ou secretaria levantar acta dos acordos tomados nas reunións.
2. A xunta reunirse preceptivamente polo menos unha vez ao trimestre e cando o presidente ou un terzo dos seus compoñentes o soliciten.
3. O regulamento da Xunta de Delegados ou as modificacións que se lle fagan deberán ser aprobadas por unha maioría dos dous terzos dos compoñentes da Xunta. As redaccións resultantes deberán ser comunicadas por escrito ao Consello Escolar e non entrarán en vigor ata que este organismo se dea por informado.
4. A Xunta de Delegados poderá crear para o seu funcionamento distintas comisións que informarán por escrito das súas actividades.

Capítulo 4. Órganos de representación do profesorado. O Claustro.

Artigo 49.

As sesións do Claustro ateranse ás seguintes normas de funcionamento:

1. O profesorado reunido en Claustro tratará os puntos sinalados na correspondente orde do día e procederá ao debate e á toma de acordos pertinentes.
2. A dirección do centro fará pública a súa intención de celebrar as reunións de Claustro ordinario cunha antelación mínima de cinco días hábiles. Dende ese momento, o

- profesorado disporá de dous días hábiles para solicitar a inclusión de puntos do seu interese na correspondente orde do día.
3. Sempre que sexa posible, a dirección facilitará aos membros do profesorado información previa por escrito dos temas que se tratarán nas sesións de Claustro, para que aqueles poidan analízalos, formar opinión ou, no seu caso, aclarar as dúbidas xurdidas da súa lectura.
 4. Ademais da lectura da acta da sesión anterior e do punto de rogos e preguntas, os temas que se traten nos Claustros ordinarios clasificaranse en: a) informativos; b) de discusión ou debate; c) propostas, sobre as que os claustrais se manifesten mediante voto.
 5. Nos puntos correspondentes á sección a) do punto anterior, as intervencións do profesorado limitaranse a pedir explicacións ou aclaracións, sen prexuízo de que os temas poidan ser obxecto de debate en claustros posteriores. As manifestacións que o profesorado teña que facer referentes aos temas incluídos na sección b) do punto anterior regularanse polo exposto no punto 7 deste artigo. Na sección de propostas unicamente intervirán aqueles que queiran formular algunha, para enunciala e facer unha breve exposición, se fose precisa, e aquelas persoas que desexen unha aclaración sobre as propostas obxecto de votación.
 6. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día agás no caso de que o seu tratamento sexa declarado previamente de urxencia polo voto favorable da maioría.
 7. Para un desenvolvemento organizado das intervencións, a dirección indicará o tema que se discutirá en cada momento e procederá a abrir unha quenda de palabra que terá en conta as peticións feitas polos claustrais á man alzada. Unha vez que sexa marcada a orde de participación procederase a escoitar as distintas opinións, sen que se poidan producir intervencións non solicitadas previamente ou fóra da súa quenda. Rematada esta primeira fase, a dirección abrirá unha rolda de réplica na que o profesorado interesado solicitará previamente o uso da palabra, como na primeira fase. A dirección poderá intervir entre ambas as quendas de palabra ou despois da segunda para responder preguntas, precisar feitos ou centrar o debate. Excepcionalmente, a presidencia poderá conceder a palabra para unha última intervención a membros do profesorado que fosen aludidos persoalmente e desexen intervir ou a aqueles que poidan ofrecer información relevante sobre os temas que se estean a debater.

Artigo 50.

Ademais das sesións fixadas por lei, o Claustro do IES As Lagoas celebrará unha específica para que os candidatos á dirección presenten o seu proxecto, que será analizado polos claustrais para emitiren opinión sobre o mesmo.

Artigo 51.

Os acordos de Claustro tomaranse por asentimento de todos os claustrais a unha proposta da dirección, ou votación dos asistentes. As votacións ás que houbese lugar serán a man alzada, agás no caso de que, polo carácter do asunto, a proposta da dirección ou de calquera membro presente, se acorde por maioría o carácter secreto da votación.

Capítulo 5. Órganos de coordinación e equipos docentes.

Artigo 52.

Os órganos de coordinación docente son os departamentos didácticos, o departamento de orientación e a comisión de coordinación pedagóxica, coas funcións que lles asignan as leis.

Artigo 53.

O IES As Lagoas constituirá tamén o equipo de dinamización lingüística, o de biblioteca e o da aula de convivencia. O primeiro réxese polas normas indicadas no plan lingüístico do centro. O equipo da biblioteca ten as funcións relacionadas coa atención á biblioteca e fomento da lectura que sinalan as leis. Os membros e funcións do equipo de aula convivencia sinálanse no capítulo 2 do título XII deste Plan de Convivencia.

Artigo 54.

1. Os membros e funcións da comisión de coordinación pedagóxica son os que sinala a normativa xeral. Participará na mesma o profesor ou profesora responsable do equipo da biblioteca. Actuará como secretario ou secretaria o profesor ou profesora que se determine, por proposta da dirección, que terá como función principal a redacción e custodia das actas de cada sesión.
2. A comisión de coordinación pedagóxica reunirse ordinariamente unha vez ao mes nas datas e horas de referencia que se determinen na programación xeral anual.

Capítulo 6. O Consello Escolar.

Artigo 55.

1. O Consello Escolar organizarase en comisións que traballarán sobre aspectos específicos dentro do conxunto dos que son competencia deste organismo. Deberá haber, polo menos, as seguintes: comisión de convivencia, comisión económica, comisión de escolarización e comisión de actividades complementarias e extraescolares.
2. O director ou directora exercerá a presidencia de cada comisión e como secretario ou secretaria actuará o membro do profesorado de menor idade, sen prexuízo do que poidan indicar no seu caso a normativa xeral.
3. A Comisión de Convivencia réxese polas normas establecidas capítulo 1 do título XII deste Plan de Convivencia.
4. A comisión económica e a comisión de escolarización teñen as funcións e compoñentes que sinalan as leis.
5. A comisión de actividades, composta pola persoa que exerce a dirección, un representante do sector de alumnos, de profesores e de pais e nais, contará coa presenza do vicedirector ou vicedirectora e terá como competencias as que sinala o artigo 98 en relación coa programación e seguimento das actividades extraescolares do centro.
6. O Consello Escolar decidirá sobre a oportunidade de crear unha comisión permanente, principalmente para resolver asuntos da competencia xeral que sexa necesario atender con carácter de urxencia ou en período de vacacións. Serán membros da mesma a persoa que exerza a dirección e un representante elixido entre os membros dos seguintes sectores: profesorado, alumnado, pais e nais e persoal administrativo e de servizos. Actuará como secretario ou secretaria a persoa que exerza a secretaría do centro, con voz pero sen voto.
7. Ademais das comisións citadas, poderán constituírse outras, como a de biblioteca, se se advirte a súa conveniencia e operatividade.
8. A dirección está obrigada a dar conta ao Consello Escolar, na sesión plenaria inmediata, dos acordos adoptados nas distintas comisións co fin de que sexan avaliados e reciban a súa ratificación.

Artigo 56.

O Consello Escolar terá en conta as seguintes normas de funcionamento:

1. A dirección comunicará aos representantes e asociacións dos distintos estamentos a súa decisión de convocar as reunións ordinarias cunha antelación mínima de cinco días. A partir desta comunicación, os devanditos estamentos poderán solicitar durante dous días hábiles a inclusión de temas do seu interese na correspondente orde do día. Ademais, os membros do Consello Escolar informarán aos seus representados da convocatoria da reunión para que estes poidan propoñer aos seus representantes temas para tratar no consello. Unha vez celebrado, os representantes informarán aos seus representados dos acordos tomados.
2. Á parte dos puntos de lectura da acta da sesión anterior, que inicia o consello, e do de propostas e preguntas, que o pecha, os temas da orde do día das reunións ordinarias de Consello Escolar clasificaranse en: a) informativos; b) de discusión ou debate; c) propostas presentadas para a súa aprobación.
3. Nos puntos correspondentes á sección a) do artigo anterior, as intervencións dos membros do consello limitaranse a pedir explicacións ou aclaracións, sen prexuízo de que os devanditos temas poidan ser obxecto de debate en reunións posteriores. As manifestacións que os membros do consello teñan que facer referentes aos temas incluídos na sección b) do artigo anterior regularanse polo exposto no artigo seguinte. Na sección de propostas unicamente intervirán aqueles que queiran formular algunha, para enunciala e facer unha breve exposición, se fose precisa, e aquelas persoas que desexen unha aclaración sobre as propostas que se deban votar.
4. Para un desenvolvemento organizado das intervencións, a dirección indicará o tema que se discutirá en cada momento e procederá a sinalar unha rolda de palabra que teña en conta as peticións feitas á man alzada polos membros do consello. Unha vez marcada a orde de participación, procederase a escoitar as distintas opinións, sen que se poidan producir intervencións non solicitadas previamente ou fóra da súa quenda. Rematada esta primeira fase, a dirección abrirá unha rolda de réplica na que os membros do consello interesados solicitarán previamente o uso da palabra como na primeira fase. A dirección poderá intervir entre ambas as quendas de palabra ou despois da segunda para responder preguntas, precisar feitos ou centrar o debate. Excepcionalmente, a dirección poderá conceder a palabra para unha última intervención a membros que fosen aludidos persoalmente e desexen intervir, ou a aqueles que poidan ofrecer información relevante sobre os temas que se estean a debater.
5. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día agás no caso de que o seu tratamento sexa declarado previamente de urxencia polo voto favorable da maioría.
6. Os acordos do Consello Escolar tomaranse por calquera das seguintes vías: por asentimento de todos os membros a unha proposta da dirección ou mediante votación dos asistentes. As votacións ás que houberse lugar serán a man alzada, agás no caso de que, polo carácter do asunto, a proposta da dirección ou de calquera membro presente, se acorde por maioría dos asistentes que teña carácter secreto.

Capítulo 7. Foros de debate.

Artigo 57.

1. Foros de debate serán aqueles grupos de membros dos distintos estamentos que se organicen para tratar temas relacionados coa educación en xeral ou cos procesos educativos e formativos que se desenvolven no centro.

2. O recoñecemento dun foro de debate será solicitado ao Consello Escolar tras achegar a solicitude correspondente. Para que se lles recoñeza e poidan contar coa colaboración institucional do centro, estes grupos deberán cumprir as seguintes condicións:
 - a) Haber unha persoa responsable do grupo.
 - b) Ser maioría no mesmo os membros da comunidade escolar do IES As Lagoas
 - c) Expoñer as liñas de actuación que intentan levar a cabo sobre obxectivos, contidos, membros, horario e duración.
3. O recoñecemento dun foro de debate terá unha vixencia dun curso académico, prorrogable a petición do seu responsable, sempre que non varíen as condicións iniciais.
4. Os foros de debate terán dereito a usar as dependencias e estruturas do centro, en tanto que non interfiran co funcionamento normal, previa solicitude á dirección.
5. A persoa responsable de cada foro de debate terá dereito a que as propostas do seu grupo sexan coñecidas e debatidas polos organismos competentes do centro. Para facer uso deste dereito deberá dirixirse á dirección, que decidirá de que xeito se fai efectivo.

TÍTULO V.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO: ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA

Capítulo 1. Asistencia ás actividades lectivas. O profesorado.

Artigo 58.

1. As ausencias do profesorado das súas actividades serán anotadas polo profesorado de garda no libro de gardas. Do mesmo xeito, deberán sinalarse as faltas de puntualidade que se produzan e especificarase, neste caso, o tempo aproximado que o membro do profesorado tardou en incorporarse á actividade correspondente.
2. O control da asistencia ás actividades distintas das clases e gardas (sesións de avaliación, claustros, eta.) corresponde á xefatura de estudos, agás a ausencia ás reunións de departamento, que debe ser rexistrada e comunicada á xefatura de estudos polos xefes de departamento correspondentes.
3. Cando os atrasos dun membro do profesorado se produzan de xeito reiterado, a dirección do centro poñerá este feito en coñecemento da inspección de educación para que tome as medidas que correspondan.

Artigo 59.

1. É deber do profesorado avisar canto antes, telefonicamente a ser posible, da ausencia imprevista que non puido ser formalmente comunicada.
2. O profesorado que deba xustificar algunha ausencia ou solicitar permiso para faltar a algunha actividade debe cubrir o formulario específico, dispoñible na páxina web do Instituto, dirixido a á dirección a través da xefatura de estudos.
3. De maneira xeral, o prazo para presentar a xustificación que proceda será o máis inmediato posible e sempre, salvo forza maior, con anterioridade á data da fin de mes en que se produciu a ausencia.
4. Os partes de baixa por enfermidade deberán ser presentados nos prazos que esixe a normativa nas oficinas administrativas do Instituto.

Capítulo 2. Asistencia ás actividades lectivas. Os alumnos.

Artigo 60.

Os alumnos teñen a obriga de asistir a todas as clases conforme o seu horario ordinario e ás actividades complementarias organizadas polo profesorado do centro dentro da xornada escolar.

Artigo 61.

1. As faltas e atrasos do alumnado deben ser rexistrados polo profesor ou profesora correspondente na aplicación informática *Xade* como máximo tres días despois de producida a ausencia ou, polo menos, antes de finalizar a semana.
2. As faltas do alumnado que se rexistren polo profesorado de garda serán remitidas ao profesor ou profesora ausente a través da xefatura de estudos para que as introduza na aplicación unha vez que se produza a súa incorporación.

Artigo 62.

1. Ningún alumno ou alumna pode permanecer fóra da aula ou do espazo que lle corresponde no seu horario lectivo. Só poderá abandonar a clase ou actividade co permiso do profesor ou profesora atendendo a razóns ben fundamentadas.
2. O alumnado de ESO non pode abandonar o recinto do centro durante a súa xornada lectiva sen causa xustificada, permiso expreso dos pais ou proxenitores e coñecemento da xefatura de estudos ou do equipo directivo.
3. O alumnado de Bacharelato non pode abandonar o recinto do centro sen permiso e causa xustificada durante a súa xornada lectiva, agás nos recreos. Esta mesma norma tamén se aplicará na circunstancia excepcional do alumnado de ESO que teña chegado á maioría de idade.
4. En ausencia dalgún membro do profesorado, o alumnado non poderá abandonar as súas aulas sen a autorización do profesorado de garda ou dun membro do equipo directivo.
5. O alumnado de ESO que por razóns de validación non teña determinadas materias permanecerá na sala de espera ou outra dependencia do centro que se lle indique.
6. Os alumnos que están exentos dalgunha materia ou aqueloutros que, como no caso de 1º de bacharelato, teñen reservada a cualificación da materia superada do curso anterior manteñen a obriga de asistir e participar nas clases agás que a normativa xeral sinala o contrario.

Artigo 63.

En relación coa xustificación de faltas seguiranse as seguintes normas:

1. As faltas xustifícanse ordinariamente mediante a presentación do correspondente impreso oficial do centro, dispoñible na conserxería e páxina web do Instituto, asinado polo pai, nai ou titores legais. A comunicación verbal dos responsables do alumno ao Instituto, tanto telefónica como presencial, servirá como xustificación provisional.
2. Con carácter xeral, son xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:
 - a) Citacións que impliquen un deber inescusable, polo tempo necesario.
 - b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
 - c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, polo tempo necesario.
 - d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de dous días lectivos.
 - e) Enfermidade, polo tempo de prescrición médica.
3. No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no punto anterior, é facultade do titor, co praxe da xefatura de estudos, a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para que poida ser aceptada a xustificación.

4. A aceptación e custodia dos xustificantes son competencia do titor ou titora, quen pedirá que sexan apoiados por documentos acreditativos ou polo testemuño verbal dos pais, nais ou tutores legais do alumno ou da alumna, especialmente cando as ausencias sexan prolongadas, se produzan reiteradamente ou se dubide da autenticidade do contido dos xustificantes.
5. Os alumnos deberán xustificar as súas ausencias dentro da semana en que se produzan, agás a dos últimos dous días da mesma que deberán ser xustificadas nos dous días hábiles seguintes. De forma xeral, pasado este período, as ausencias terán a consideración de faltas sen xustificar.
6. Os membros do alumnado maiores de idade que desexen xustificar as súas ausencias por si mesmos deberán presentar en secretaría un escrito de solicitude. Desde ese momento todas as comunicacións de faltas irán dirixidas ao alumno ou alumna.

Artigo 64.

As faltas dos alumnos e alumnas de 3º e 4º de ESO e de bacharelato debidas a folga non se contabilizarán, sempre que esta fose acordada maioritariamente nas reunións do alumnado cos seus representantes e que os delegados destes niveis educativos comunicasen a decisión á dirección do centro, en escrito razoado, cunha antelación mínima de vinte e catro horas.

Artigo 65.

1. Os alumnos que cheguen ao centro despois das horas fixadas para o comezo das clases entrarán pola porta frontal. Os alumnos impuntuais só accederán á sala de espera onde agardarán ata o comezo da clase seguinte. En casos excepcionais, a xefatura de estudos decidirá a súa incorporación ás clases.
2. Se algún membro do alumnado ten razóns especiais para chegar reiteradamente con atraso a algunha das actividades, debe comunicalo á xefatura de estudos e presentará a correspondente xustificación co fin de que tales atrasos non sexan contabilizados.

Artigo 66.

As ausencias ou atrasos continuados producirá medidas que se citan a continuación:

1. Ningún membro do alumnado de bacharelato ou maior de idade poderá ter máis do 15% de faltas inxustificadas nunha soa materia ou 15 no conxunto das materias do curso. Cando se chegue a estes límites considérase que resulta imposible a aplicación da avaliación continua e o alumno ou alumna en cuestión avaliarase mediante probas extraordinarias das materias que corresponda ou de todo o curso.
2. O centro remitirá comunicación de advertencia ao domicilio do membro do alumnado a que se refire o apartado anterior e á súa familia, cando este supere un terzo do límite de faltas non xustificadas, e no momento en que, superado este, se vaia aplicar a medida de perda do dereito á avaliación continua.
3. Cando un membro do alumnado acumule un número relevante de atrasos incorrerá inicialmente nunha falta leve que lle será comunicada ao seu domicilio.
4. Cando un alumno ou alumna de ESO teña unha ausencia sen xustificar superior ao 10% do horario lectivo mensual, iniciaranse as formalidades correspondentes ao protocolo de absentismo que ten establecido a administración educativa galega. O referido protocolo comporta a comunicación á inspección educativa, aos servizos sociais e, chegado o caso, á fiscalía de menores.

Artigo 67.

A organización académica do Instituto poñerá a disposición das familias proxenitoras fórmulas de comunicación a través de internet que lles permitan coñecer de forma actualizada e reservada as faltas dos seus fillos ou tutelados.

Capítulo 3. Horarios.

Artigo 68.

1. A busca da idoneidade nos horarios do alumnado será prioritaria con respecto á adecuación dos horarios do profesorado ás súas preferencias.
2. Os horarios do profesorado confeccionaranse atendendo ás asignacións de actividades e grupos feitas polos departamentos, sempre que a distribución de horas sexa aceptada pola Inspección educativa.
3. Na confección dos horarios individuais do profesorado procurarase atender a aquelas preferencias que non entren en conflito cos criterios marcados pola xefatura de estudos para a elaboración do horario xeral do centro.

Artigo 69.

1. A xefatura de estudos asignará a cada membro do profesorado as horas que corresponden ás distintas gardas e a responsabilidade de titoría que lle poida corresponder, atendendo ás necesidades do centro e aos criterios equitativos que se someterán á consideración do Claustro.
2. Ademais das reducións horarias fixadas por lei, na medida en que haxa dispoñibilidade e a administración educativa o autorice, procederase á correspondente asignación de horas complementarias para aqueles profesores que desenvolvan dedicacións específicas de xeito sistemático en beneficio do alumnado e do centro.

Capítulo 4. Alteracións ocasionais do horario oficial.

Artigo 70.

1. O cambio puntual de hora dunha clase dentro da mesma xornada lectiva e a substitución ou supresión dunha actividade prevista no horario oficial teñen que ser coñecidos pola xefatura de estudos, que poderá dar autorización (se é da súa competencia) cando haxa razóns que os xustifiquen.
2. Na medida do posible, procurarase que o alumnado non teña ocos no seu horario normal e, por conseguinte, tratarase de que as ausencias do profesorado se cubran por outras clases ou actividades correspondentes a ese mesmo día.
3. No caso de estar prevista a ausencia dalgún membro do profesorado á primeira clase da xornada de mañá ou de tarde, xefatura de estudos procurará avisar ao alumnado de 3º e 4º de ESO e bacharelato implicado para que non se incorpore ao centro ata a hora seguinte.

Artigo 71.

1. O tempo empregado na realización de probas, tanto de avaliación normal como de recuperación, non pode interferir no horario oficial do alumnado e do centro. Son excepción a esta norma a coincidencia de exames de materias pendentes con clases de recuperación que poida haber nas tardes.
2. A realización de exames fóra do horario ordinario do alumnado deberá ter carácter excepcional, contar con razóns ben fundamentadas e recibir a aceptación de todos os alumnos implicados.

Capítulo 5. Gardas.

Artigo 72.

De maneira xeral, o profesorado de garda debe aterse ás seguintes obrigas:

1. Desde o momento en que o timbre anuncia a hora de entrada a unha clase, ata o momento en que soa novamente para marcar o final, corresponde ao profesorado de garda vixiar para que se manteña a orde e a disciplina nos corredores do Instituto e nas aulas non ocupadas polo profesorado.
2. O profesorado que realice gardas nas horas de recreo ocupárase especialmente dos espazos de lecer do alumnado e da porta de entrada ao recinto que permaneza aberta. Vixiará para que non se produzan situacións anómalas e coidará que o alumnado de ESO non saia dos terreos do centro. No comezo do período de lecer, a misión de garda da cancela exterior será desempeñada transitoriamente por persoal da conserxería, en canto non se incorpore o profesor ou profesora de garda.
3. O profesorado de garda deberá anotar no libro de gardas ou nun parte de incidencias calquera tipo de anomalía que haxa no tempo en que leva a cabo esta misión.
4. O profesorado de garda debe permanecer nos corredores mentres non sexa total a orde no centro. Chegado este momento, polo menos un membro do profesorado deberá permanecer na sala de garda ou de profesores, mentres que os demais poderán ocupar outras dependencias do centro, pero deberán estar localizables e pendentes de resolver as alteracións da orde que se poidan producir.
5. A garda que vai a continuación do período de lecer comezará cinco minutos antes para vixiar os corredores unha vez que toca o primeiro timbre, de acceso do alumnado ás aulas.

Artigo 73.

1. Cando se produzan ausencias de membros do profesorado que tivesen clase, os profesores de garda tomarán as medidas necesarias para que o alumnado permaneza traballando dentro da aula sen interferir nas actividades dos demais grupos do centro. Deberá, así mesmo, tomar nota dos alumnos ausentes nunha lista dispoñible do grupo, que recollerá e entregará en xefatura de estudos
2. En casos excepcionais e responsabilizándose do seu control, poderán permitir que algúns alumnos do grupo acudan a outras dependencias do edificio cando teñan unha causa que se considere xustificable e se poida comprobar a súa estancia nelas en calquera momento.
3. Cando a ausencia dun membro do profesorado se produza á última hora da xornada de mañá ou de tarde, o profesor ou profesora de garda (ou un membro do equipo directivo) permitirá marchar para as súas casas ao alumnado de bacharelato e de 3º e 4º de ESO que acredite permiso da familia, a non ser que haxa razóns que o desaconsellen.

Capítulo 6. Outros tipos especiais de garda.

Artigo 74.

Ademais das funcións de garda que sinalan os artigos anteriores, tamén son gardas as dedicacións docentes que a continuación se indican:

- a) Garda de biblioteca, que ten como función atender o uso dese servizo polos alumnos e colaborar coa persoa coordinadora na xestión das actividades desta área.
- b) Garda de aula de convivencia, que ten como función atender e supervisar as medidas e actuacións específicas de corrección propostas para o alumnado, de conformidade cos capítulos 2 dos títulos X, XI e XII.

- c) Garda de tutoría, destinada ao profesorado que ten asignada a condición de titor ou titora, co fin de desenvolver as tarefas de atención, seguimento, coordinación e comunicación en relación cos alumnos do grupo sobre o que exerce a tutoría.
- d) Outras gardas que puideran considerarse relacionadas coa custodia e atención a alumnos así como ás instalacións e materiais postos ao seu servizo.

Capítulo 7. Tutorías.

Artigo 75.

As funcións dos tutores son as que sinalan as leis. De forma concreta, desenvolverán as tarefas que se describen no “libro da tutoría” que se elabore e no Plan de Acción Titorial. Entre outras:

- a) Os tutores deberán reunirse co grupo de alumnos ao seu cargo polo menos antes de cada sesión de avaliación para recibir información e valoracións de interese que deban transmitir á xunta de avaliación, tal e como figura no artigo 80.
- b) Os tutores deberán permanecer localizables no centro durante todo o tempo que figura nos seus horarios dedicado a atender a pais e nais, mesmo se non está prevista a visita de ningún. A organización administrativa do Instituto facilitará aos pais e nais ou tutores legais dos alumnos a hora na que semanalmente poderán ser recibidos polo titor ou titora, previa solicitude.
- c) Os tutores achegarán aos pais, nais ou tutores legais as informacións de relevo facilitadas polos profesores, e orientacións sobre o proceso formativo dos seus fillos procurando sempre das familias unha actitude de colaboración. Nese marco , procurarán o acordo de medidas concretas que favorezan as aprendizaxes do fillo ou filla e, no seu caso, a mellora da súa conduta.
- d) Os tutores deberán colaborar co equipo de orientación e equipo directivo no desenvolvemento de actividades que teñan como obxectivo o seguimento dos alumnos, o diagnóstico de problemas na aprendizaxe, a presentación de accións que tenten mellorar a súa formación e, en xeral, todas aquelas relacionadas coas funcións de orientación e tutoría.
- e) Os tutores colaborarán cos organismos do centro para fomentar hábitos de convivencia e para manter a disciplina entre o alumnado que estea ao seu cargo. Ademais de seren responsables da aplicación das medidas que lle corresponden consonte o artigo 160, participarán do coñecemento das situacións de conflito que se produzan no alumnado do seu grupo e a súa opinión será tida en conta na adopción das medidas de corrección que non son da súa competencia.
- f) Os tutores, de acordo co artigo 63, son os encargados de xustificar as faltas dos alumnos nun prazo máximo de tres días lectivos, custodiar os xustificantes así como calquera tipo de documento relativo ás circunstancias e incidencias de alumnos do seu grupo que lle sexa facilitado.
- g) Os tutores de ESO deberán empregar a sesión semanal de tutoría cos alumnos para desenvolver a programación proposta polo Departamento de Orientación e indicada Plan de Acción Titorial.
- h) Os tutores dirixen o desenvolvemento das sesións de avaliación e rexistrarán as informacións de relevo e os acordos que se produzan.

Artigo 76.

A xefatura de estudos, de forma coordinada co departamento de orientación e da forma periódica que se estableza na programación xeral anual, convocará xuntas de tutores de carácter xeral ou por nivel co fin de coordinar e avaliar o seguimento das actividades do Plan de Acción Titorial así

como os tratamentos específicos e medidas de apoio pedagóxico, o estado de convivencia de cada grupo, a proposta de medidas de intervención, etc.

Capítulo 8. Programacións.

Artigo 77.

1. Cada membro do profesorado comunicará ao seu alumnado, ao principio do curso, os elementos máis significativos da programación da súa materia no referente a obxectivos, contidos, actividades, sistema de avaliación e recuperación.
2. O profesorado acordará co seu alumnado as datas das probas máis relevantes que deberán realizar ao longo do curso. O centro facilitará ás familias de cada alumno, a través da web, o coñecemento das datas destas probas.
3. Os departamentos deberán expoñer publicamente unha síntese da súa programación, na que consten os contidos mínimos e o sistema de avaliación e recuperación referidos aos distintos cursos, e farao constar na web do centro para que pais, profesores e alumnos poidan consultalo.
4. Cada membro do profesorado entregará aos titores dos grupos nos que dea clase un resumo da programación de aula no que conste o sistema de avaliación, a temporización dos contidos por avaliacións e as datas previstas para as probas máis relevantes de cada período.

Artigo 78.

1. O profesorado de cada grupo coordinarase co titor ou titora para que a carga de traballo en cada materia e as correspondentes probas de avaliación non se acumulen nos mesmos períodos de tempo.
2. Baixo a coordinación do titor ou titora velarase para que o esforzo esixido ao alumnado en cada materia en determinados períodos non impida a súa dedicación ás demais.

Capítulo 9. Avaliacións.

Artigo 79.

1. A xefatura de estudos comunicará ao profesorado, no Claustro de comezo de cada curso escolar, as datas aproximadas en que se desenvolverán as sesións de avaliación correspondentes a cada curso.
2. Cando as circunstancias o aconsellen, a xefatura de estudos ou os propios titores poderán convocar reunións extraordinarias das xuntas de avaliación para tratar problemáticas específicas, sen entrega de cualificacións.
3. A avaliación inicial dos alumnos de ESO, sen cualificacións numéricas, servirá para fixar as medidas pedagóxicas específicas que demanden os distintos alumnos ou o grupo no seu conxunto.

Artigo 80.

En relación coas sesións de avaliación seguiranse as seguintes pautas:

- a) Os membros do profesorado deberán anotar no programa informático de xestión as cualificacións provisionais do seu alumnado con anterioridade suficiente ás sesións de avaliación sinaladas pola xefatura de estudos. Poderase facer excepción deste deber de rexistro previo cando se trate das cualificacións finais.
- b) O titor ou titora informará ao profesorado das opinións do alumnado do seu grupo sobre os factores que incidiron nos seus resultados e as súas propostas de mellora.

- c) O profesorado debe emitir información sobre o grupo en xeral, atendendo, polo menos, aos seguintes aspectos: cumprimento da programación, actitude do alumnado, evolución do grupo, disciplina, interrelación, etc.
- d) O profesorado informará sobre cada alumno e alumna, centrándose especialmente naquelas facetas individuais significativas e tendo en conta, polo menos, as catro seguintes: estudo, deberes, comportamento e outras observacións.
- e) O profesorado analizará que medidas é conveniente tomar para que a formación educativa e persoal do alumnado mellore.
- f) Durante a sesión, introduciranse no programa informático as cualificacións que deban ser definitivas e figurar nos boletíns. A acta da avaliación será asinada por todos os membros do profesorado presentes e na mesma figurarán os acordos adoptados.
- g) É deber do titor ou titora ter actualizados na aplicación *Xade* os informes individualizados que derivan da avaliación de cada alumno ou alumna cos datos de relevo en relación co desenvolvemento das competencias básicas, actitudes, medidas de atención á diversidade e calquera observación de interese.
- h) Nas avaliacións finais o equipo docente, sen prexuízo da autonomía de cada membro, deberá ter en conta os protocolos específicos aprobados polo Claustro para resolver con criterio común as situacións relativas á promoción ou titulación do alumnado.

Artigo 81.

En relación coa comunicación de resultados da avaliación, teranse en conta os deberes seguintes:

- a) O titor ou titora debe informar ao seu grupo das opinións recollidas na sesión de avaliación que sexan relevantes para el como colectivo, en tanto que este coñecemento poida servir para a mellora de actitudes ou comportamentos.
- b) O titor ou titora entregará a cada un dos alumnos o boletín de notas cos datos achegados por cada membro do profesorado tan pronto como estea confeccionado pola secretaría.
- c) Cada membro do alumnado debe devolver ao titor ou titora o resguardo do boletín de notas, asinado polo pai, nai ou titor legal, nun prazo máximo que lle indique.
- d) A dirección do centro fará chegar ao profesorado as estatísticas cos resultados das avaliación, que serán analizados nos órganos docentes co fin de propoñer as iniciativas de mellora.

Capítulo 10. Reclamacións e revisións de probas e cualificacións.

Artigo 82.

1. O alumnado terá acceso ás probas escritas realizadas, unha vez que fosen corrixidas no prazo máis breve posible. Coñecerá cales foron os criterios de corrección e, no seu caso, as partes da materia que deberá recuperar, cando e como. Así mesmo, o profesorado deberá dar a cada membro do alumnado o mesmo tipo de información cando se trate de probas orais.
2. En caso de desconformidade cunha cualificación parcial, o alumnado poderá reclamar ante o propio profesor. No caso de persistir a discrepancia solicitará a intervención do titor, quen, se non consegue que a situación se resolva, poñerá o tema en coñecemento do departamento da materia que corresponda.
3. Contra as cualificacións dos exames da avaliación final ordinaria e da avaliación extraordinaria, o alumnado poderá presentar reclamación, mediante instancia dirixida á dirección, no prazo estipulado no calendario de fin de curso ou de setembro. A solicitude será atendida primeiramente polo membro do departamento profesor ou profesora da materia e, logo, polo departamento no seu conxunto. De non chegar a un acordo nesta instancia, seguiranse os trámites de reclamación sinalados nas leis vixentes.

Artigo 83.

1. Se un membro do profesorado cre conveniente cambiar a cualificación outorgada a un alumno ou alumna nunha avaliación parcial, deberá comunicalo ao titor ou titora e á secretaría do centro para que se tome nota da modificación.
2. Unha vez rematada a sesión de avaliación final, para facer calquera modificación nas cualificacións por parte do profesorado será necesario reunir de novo a xunta de avaliación.
3. As modificacións de cualificacións aceptadas por instancias superiores como consecuencia de reclamacións do alumnado (departamentos, Inspección...) serán comunicadas ao equipo de profesores que forma a xunta de avaliación correspondente.

TÍTULO VI

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO:

ADMINISTRACIÓN DOS SERVIZOS, DEPENDENCIAS E RECURSOS MATERIAIS

Capítulo 1. Utilización polos membros da comunidade escolar.

Artigo 84.

A dirección asignará unha aula a cada grupo do alumnado para o desenvolvemento das súas actividades lectivas ordinarias. Indicará tamén en que espazos deben impartirse determinadas materias que requiren o uso de medios específicos ou que coinciden na mesma hora con outras materias optativas.

Artigo 85.

1. As aulas de desdoblamento poderán ser utilizadas, fóra das horas de ocupación marcadas pola dirección, polo profesorado que o desexe. Deste feito pasaráselle comunicación á xefatura de estudos.
2. En xeral, a chamada aula multiusos poderá ser utilizada polo profesorado nas horas que non teña unha ocupación fixa, previa reserva delas na sala de profesores. O mesmo sucederá co salón de actos, a biblioteca e as aulas de informática. De maneira xeral, a prioridade virá marcada pola orde de solicitude. Para o salón de actos terán prioridade os actos institucionais, as actividades complementarias programadas e, finalmente, a orde de solicitude.
3. Para usar as aulas específicas dunha área ou departamento en horas que non estean ocupadas, deberase contar co permiso do xefe ou xefa de departamento que imparta as súas clases nelas. Unha vez obtido este, informarase do feito á xefatura de estudos.
4. Os colectivos a que fai referencia o artigo 57 terán dereito a usar as dependencias do centro cando isto non entorpeza outras actividades. A autorización será competencia da dirección.

Artigo 86.

Todos os mobles, instrumentos ou materiais existentes no centro que fosen mercados con fondos públicos, así como aqueles que lles fosen cedidos ao profesorado, ao alumnado ou ao sector de pais e nais, en tanto que membros da comunidade escolar do IES As Lagoas, son propiedade do centro. Deberán ser mantidos cos seus orzamentos e poderán ser usados por calquera dos demais membros da comunidade que os precisen para o desenvolvemento do seu labor educativo dentro do instituto, sen prexuízo do que se dispón nos artigos seguintes.

Artigo 87.

1. Terán prioridade absoluta para o uso de determinados recursos materiais aqueles departamentos que os mercasen cos fondos que o centro lles tivese asignado para o

desenvolvemento do seu labor ou que os recibisen como doazón de entidades ás que llelos solicitaron.

2. Terán dereito preferente de uso sobre determinados recursos materiais aqueles departamentos que tivesen solicitado a súa adquisición por parte do centro por consideralos necesarios para o desenvolvemento das materias que lles corresponde impartir.
3. Nos casos anteriores, o uso dos materiais require a autorización por parte dos xefes de departamento que os tivesen asignados. Se tal autorización fose denegada, deberanse facer constar por escrito as causas que motivan a negativa. A dirección resolverá a procedencia de tal resposta.

Artigo 88.

A adquisición de materiais con cargo aos orzamentos do centro que non fosen incluídos na programación xeral anual deberá ser solicitada mediante folla de pedimento dirixida á secretaría do centro polos xefes de departamento e polos representantes dos pais e nais e dos alumnos no Consello Escolar. Corresponde á secretaría autorizalas ou denegalas de forma motivada. En caso de desconformidade coa resolución, os solicitantes poderán apelar á dirección, que decidirá en última instancia.

Artigo 89.

1. Os materiais asignados a determinados departamentos ou colectivos quedarán baixo a súa custodia e será da súa responsabilidade a deterioración producida por mal uso ou a perda debida a negligencia.
2. Os libros adquiridos a petición dos departamentos poderanse gardar nos locais destes cando se trate de material de consulta para o profesorado. En todo caso, deberán estar fichados na biblioteca, con mención expresa da súa localización.
3. Os materiais que sexan propiedade do centro non se poderán sacar deste sen o coñecemento e a autorización expresa da dirección.

Capítulo 2. Utilización por persoas ou entidades alleas.

Artigo 90.

Ningunha persoa allea ao centro poderá usar ou desenvolver actividades de ningún tipo nas dependencias interiores ou no recinto exterior deste sen o coñecemento e autorización dos seus responsables.

A presenza de persoas alleas ao centro no recinto ou nas dependencias do mesmo só se xustifica para realizaren trámites ou subministracións, estean citadas con algún membro do profesorado ou do persoal ou, por calquera outra razón, teñan a autorización da dirección.

Os alumnos que introduzan ou animen a estas persoas a entrar, serán considerados corresponsables dos problemas que se poidan derivar.

Artigo 91.

1. A realización de actividades continuadas nos locais ou espazos do centro deberá ser solicitada en escrito dirixido á dirección para a súa presentación ante o Consello Escolar. Este determinará á vista da documentación aportada, onde deberá constar: a exposición de motivos, a identificación dos responsables, os tempos de utilización requiridos, o número e características dos usuarios, as dependencias e recursos necesarios e, se procede, as propostas de contraprestación.

2. A cesión de uso de instalacións e materiais para o desenvolvemento de actividades esporádicas por persoas alleas á comunidade escolar do IES As Lagoas rexeráse polas seguintes normas:
 - a) Deberá ser solicitada mediante escrito dirixido á dirección de iguais características ca o mencionado no artigo anterior.
 - b) Cando sexa un membro da propia comunidade escolar do centro o que propoña a participación en actividades deste de persoas alleas a el, deberá comunicarllo á dirección con suficiente antelación para que esta determine segundo proceda.
 - c) Un acordo sometido á conformidade do Consello Escolar debe establecer as condicións e tarifas que correspondan pola utilización das distintas dependencias. Atenderase nese caso ao carácter da actividade; ás persoas, entidades ou institucións solicitantes; aos servizos solicitados, aos días e horarios concretos de utilización e os custos económicos que ocasionen.
 - d) Haberá disposición favorable á cesión se as actividades solicitadas van destinadas ao profesorado ou están relacionadas de forma xeral cos intereses dos escolares e estudantes, sempre que desenvolvan valores coincidentes cos principios educativos do Instituto.
 - e) Non se facilitará o uso do centro para actividades contrarias aos principios que sinala o proxecto educativo do centro.

Artigo 92.

A publicidade gráfica exposta no centro por persoas e entidades alleas debe contar co permiso da dirección e, salvo casos específicos de especial interese, será colocada nos lugares específicos destinados ao efecto. A difusión doutros tipos de publicidade, se for o caso de se permitir, serao na forma e momento que indique a dirección.

Capítulo 3. O persoal de administración e servizos.

Artigo 93.

1. Dentro do respecto aos dereitos e ás obrigas marcadas pola lei, o persoal de administración e servizos desenvolverá con dilixencia o traballo que lle solicite o profesorado para cumprir co seu labor docente e realizará as tarefas que lle encomende o equipo directivo para o axeitado funcionamento do centro.
2. No caso de discrepancia entre as ordes recibidas de distintos membros do profesorado estarase ao que dispoña a secretaría ou outro compoñente do equipo directivo.

Artigo 94.

1. Os membros do persoal de administración e servizos teñen dereito a que sexan escoitadas as súas suxestións sobre a distribución das tarefas que lles corresponde desenvolver como colectivo.
2. Se algún membro do persoal non docente está en desacordo coas ordes recibidas poderá reclamar por escrito, sucesivamente, ante a secretaría, a dirección e o Consello Escolar.
3. En caso de incumprimento das súas obrigas, e sempre tendo en conta as circunstancias nas que estas faltas se produzan, os membros do persoal non docente poderán ser obxecto das seguintes medidas: a) amonestación verbal pola secretaría ou pola dirección; b) apercibimento por escrito; c) comunicación dos feitos aos responsables provinciais da Consellería de Educación para que se tomen as medidas pertinentes.

TÍTULO VII.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO:

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESOLARES

Capítulo 1. Programación.

Artigo 95.

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

Artigo 96.

A Programación Xeral Anual do centro, sometida no inicio do curso á conformidade do Consello Escolar, reflectirá a programación das actividades complementarias e extraescolares que se vaian realizar ao longo do curso. Para a elaboración do programa anual de actividades teranse en conta as propostas dos departamentos e dos pais e nais e as orientacións do Claustro e da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Á hora de aprobar as actividades propostas, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Número de alumnos participantes.
- b) Equilibrio en canto ao número de actividades nos distintos cursos e niveis.
- c) Interese en relación cos obxectivos e contidos da materia ou departamento.
- d) Datas e incidencia na marcha normal do centro.
- e) As actividades complementarias e extraescolares deben estar incluídas e xustificadas nas programacións didácticas de cada departamento, de acordo cos obxectivos e contidos establecidos nas mesmas.
- f) Os departamentos presentarán no inicio do curso a súa proposta de actividades para a súa aprobación polo Consello Escolar.

Artigo 97.

Os departamentos cubrirán unha ficha na que se detallen os seguintes aspectos:

- a) Data e lugar de realización da actividade.
- b) Obxectivos, contidos a desenvolver, en relación coa programación didáctica.
- c) Alumnos, grupos e materias aos que vai destinada.
- d) Duración.
- e) Relación dos profesores que acompañarán.
- f) Programación da actividade en canto á súa organización: día de partida e de regreso, percorrido, lugares que se visitarán...
- g) Repercusións económicas aproximadas que supón (autobús, avión, hotel...)

Artigo 98.

1. Non serán tidas en consideración aquelas actividades que non estean debidamente detalladas.
2. En caso de modificación sobrevida por causas alleas ao centro, a comisión de actividades do Consello Escolar valorará a conveniencia ou posibilidade de desenvolver a actividade programada.
3. As actividades aprobadas terán prioridade con respecto á actividade lectiva.
4. A realización de calquera tipo de actividade, complementaria ou extraescolar que teña carácter esporádico ou sobrevido polas circunstancias e non puidera ser aprobada a comezo

de curso será sometida á consideración da comisión de actividades do Consello Escolar e necesitará tamén da aceptación do profesorado das materias cuxo horario se vexa afectado.

Artigo 99.

Na hora de seleccionar as actividades que deben estar incluídas no programación xeral teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Estimularase a realización daquelas actividades que supoñan a participación de distintas áreas de coñecemento, dando prioridade a aquelas que contemplan a interdisciplinabilidade de distintas materias.
- b) Procurarase un equilibrio entre as actividades dos distintos departamentos.
- c) Valorarase o número de horas lectivas de cada materia que se vexan afectadas cando un determinado grupo participe nunha actividade extraescolar. Cando se trate dun número elevado, modificaranse futuras actividades extraescolares para evitar a perda de máis horas lectivas de dita materia durante esa avaliación.

Artigo 100.

A relación das actividades extraescolares e complementarias figurará exposta no taboleiro de actividades da sala de profesores con antelación suficiente antes da súa realización. Asemade, expoñerase a listaxe cos alumnos participantes na mesma.

Artigo 101.

O centro promoverá unha viaxe de estudos para os alumnos de 4º de ESO e outra para 2º de bacharelato, que terán o carácter de viaxe fin de etapa.

Artigo 102.

En relación coa programación das datas terase en conta o seguinte:

- a) Non deben prexudicar o proceso de avaliación do alumnado, polo que, na medida do posible, levaranse a cabo ao longo do primeiro e segundo trimestres. Terase especial coidado no que se refire á realización deste tipo de actividades en épocas de exames e avaliacións. Exceptúanse aquelas actividades que están xa fixadas no calendario escolar: Día das Letras Galegas, Día do Libro, etc.
- b) A data de realización das viaxes fixarase a comezos do curso e serán preferiblemente a semana anterior ou posterior ás vacacións de Semana Santa, na Semana do Entroido ou no mes de xuño, unha vez rematadas as clases. As únicas excepcións a esta norma serán aquelas correspondentes a proxectos europeos e intercambios. As destinadas a alumnos de 2º de bacharelato realizaranse sempre na primeira metade do curso.
- c) Establécese como data última para a realización de actividades, o 17 de maio (Día das Letras Galegas).
- d) Por razóns de cumprimento do programa, en 2º de bacharelato procurarase que as actividades sexan realmente significativas para os alumnos. E, en calquera caso, non se realizará ningunha actividade extraescolar na terceira avaliación.

Capítulo 2. Participación dos alumnos.

Artigo 103.

A asistencia ás actividades complementarias e extraescolares é voluntaria para o alumnado cando estas se desenvolvan, na súa totalidade ou en parte, fóra do seu horario lectivo.

Artigo 104.

1. O número mínimo de alumnos para poder realizar unha actividade extraescolar ou complementaria será do 60 % do grupo ou curso ao que vai dirixida dita actividade, excepto naquelas que, polas súas propias características, non vaian destinadas á totalidade do curso ou grupo (materias optativas). En calquera caso, non se realizará ningunha viaxe de varios días con menos de 10 alumnos.
2. Os alumnos que deban saír do Centro para realizar unha actividade extraescolar ou complementaria deberán acatar as normas de funcionamento e disciplina deste centro e as do lugar de destino.
3. A dirección, oídos os profesores tutores, poderá denegar a participación nas actividades de todos aqueles alumnos que teñan problemas de comportamento ou actitude, ausencias reiteradas a actividades obrigatorias, perderan o dereito á avaliación continua ou perturbaran con anterioridade o normal desenvolvemento dunha actividade.
4. Se nunha actividade complementaria ou extraescolar programada para un sector do alumnado non poden participar todos os alumnos aos que vai dirixida, por exceder o número máximo admisible, a persoa responsable da actividade ou, no seu caso, a dirección do centro, oídos os profesores tutores, escollerá os participantes atendendo aos seguintes criterios: interese por participar, comportamento correcto no centro e actitude positiva nas clases. En condicións de igualdade, recorrerase ao sorteo.
5. O alumnado que participe nalgunha actividade que se desenvolva fóra do recinto do centro deberá traer obrigatoriamente unha autorización escrita dos pais ou titor legal.
6. Aqueles alumnos que non figuren nas listaxes de alumnos participantes nunha actividade que se desenvolva dentro do horario lectivo non poderán de ningún modo participar na mesma, pero si estarán obrigados a asistir a clase.
7. Os alumnos que participen nunha actividade extraescolar ou complementaria deberán ter aboado o custo de dita actividade no prazo fixado. De non ser así, non poderán participar na mesma.
8. Os alumnos levarán a calquera viaxe os documentos de identificación persoal necesarios e os documentos da entidade médica correspondente, a fin de ter cubertos os posibles gastos por enfermidade ou accidente que poidan ocorrer. Asemade, nas viaxes polo territorio do Estado, os alumnos teñen cobertura do seguro escolar obrigatorio (excepto os alumnos de 1º e 2º de ESO). Nas viaxes ao estranxeiro procurarase a contratación dun seguro adicional de responsabilidade civil, roubo, accidente, etc.

Artigo 105.

Calquera que sexa o tipo de actividade complementaria ou extraescolar, e independentemente do lugar no que se celebre, son de plena aplicación as normas pertinentes que rexen no centro

Capítulo 3. Participación dos profesores.

Artigo 106.

O profesorado deberá acompañar o alumnado co que tivese clase cando as actividades programadas sexan para grupos enteiros con carácter obrigatorio e teñan lugar dentro do centro. Se as actividades implican a interrupción da actividade lectiva en todo o centro, establecerase a distribución de tarefas entre o profesorado, respectando sempre as horas de permanencia no centro de todos os profesores.

Artigo 107.

Nas actividades que supoñan saída do centro, o número de profesores que acompañarán os alumnos será de 1 por cada 20 alumnos. En calquera caso, e como medida de seguridade, nunca irá un profesor só en calquera actividade que se realice fóra da cidade. Excepcionalmente, permitiranse saídas cun só profesor no caso de grupos pouco numerosos de alumnos de bacharelato que realicen actividades dentro da cidade de Ourense.

Artigo 108.

Os departamentos que propoñan unha actividade extraescolar teñen prioridade para participar na mesma. En caso de non alcanzar o número necesario poderán incorporarse a dita actividade profesores doutros departamentos, elixidos en función dos seguintes criterios (na orde en que aparecen):

- a) Profesores que imparten clase no curso ou grupo que participa na actividade.
- b) Profesores que non impartan clase en 2º de bacharelato.
- c) Profesores con menor perda de horas lectivas.
- d) Profesores que non participaran en actividades extraescolares.
- e) Profesores con coñecementos de idiomas (preferiblemente, inglés).

Capítulo 4. Financiamento.

Artigo 109.

Nas viaxes de varios días, o custo do aloxamento e transporte dos profesores responsables deberá ser asumido polo alumnado participante. En caso de que a xestión fose realizada por unha axencia de viaxes, esta poderá facerse cargo do custo do profesorado acompañante.

Artigo 110.

Se as dispoñibilidades económicas o permiten, a comisión económica do Instituto determinará unha cantidade económica que debe corresponder por profesor ou profesora, tendo en conta se se trata de viaxes dun día ou de varios días, así como a cantidade máxima que deba corresponder nesta segunda circunstancia. Se o número de profesores acompañantes é superior ao establecido no artigo anterior, o centro achegará unicamente a cantidade correspondente ao número establecido.

TÍTULO VIII.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO: CONDUTAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

Capítulo I. Principios xerais.

Artigo 111.

De forma xeral, as principais normas de convivencia son as derivadas do respecto aos dereitos sinalados no título III, do cumprimento dos preceptos regulamentarios de organización e funcionamento dos títulos IV, V, VI e VII deste Plan de Convivencia. Alén destas, é deber dos membros da comunidade escolar seguir con disciplina os principios e normas que se sinalan nos artigos seguintes.

Artigo 112.

A todo alumno ou alumna se lle debe garantir a oportunidade de estudar nun ambiente que permita o mellor aproveitamento do seu tempo. Por iso, os seus compañeiros e todos os membros

da comunidade educativa teñen a obriga de respectar ese dereito fundamental e, na medida das súas responsabilidades, contribuír coa súa achega persoal para que os demais o respecten.

Artigo 113.

1. Deberase evitar, sempre que sexa posible, que as sancións impliquen menoscabo do dereito do alumnado ao estudo e á asistencia ás clases. Neste sentido, as expulsións da clase só poderán producirse como feito excepcional derivado de condutas negativas moi significativas do alumnado.
2. Da expulsión sempre deberá haber constancia, cando menos, ante a xefatura de estudos a través dun parte de incidencias. O profesor que expulse un alumno ou alumna deberá mandalo, en primeira instancia, á sala de gardas con material (libro de texto, etc.) e traballo concreto que logo controlará.
3. Todos os mandatos de expulsión da clase cara a sala de gardas dun alumno ou alumna ocasionará unha notificación da xefatura de estudos á familia da forma máis inmediata posible.

Capítulo 2. Teléfonos móbiles

Artigo 114.

1. O alumnado non poderá facer ningún uso dos móbiles ou outros dispositivos electrónicos durante o desenvolvemento de actividades lectivas, complementarias ou extraescolares, agás no caso de que o profesor ou persoa ao cargo desa actividade dea o seu permiso expreso para empregarlos como ferramenta formativa.
2. Os alumnos non poderán empregar de ningún xeito os móbiles ou outros dispositivos electrónicos dentro do edificio durante os recreos, entre clases ou antes de que estas empecen e despois de que rematen.
3. Terá a consideración de falta moi grave, sen prexuízo das repercusións legais, o uso de móbiles ou dispositivos electrónicos para difundir mensaxes ou facer gravacións de calquera tipo que afecten á privacidade ou dereito á propia imaxe de calquera membro da comunidade educativa.
4. O incumprimento destas normas provocará a retención do obxecto ata que o veña recoller o pai, a nai ou titores legais do alumno ou alumna durante a xornada escolar.
5. O profesorado e demais membros da comunidade escolar só poderán facer uso dos móbiles e outros aparellos electrónicos nos espazos propios que non sexan de uso común ou compartido co alumnado. Exceptúase o uso dos dispositivos indicados como ferramentas no desenvolvemento do labor docente.

Capítulo 3. Entradas, saídas e uso de corredores

Artigo 115.

1. Para acceder ao centro ao comezo das xornadas escolares da mañá e da tarde, e despois dos recreos, o alumnado deberá utilizar as portas posteriores, que permanecerán abertas desde o momento en que soe o primeiro timbre ata a hora de inicio das clases, en que soará o segundo.
2. As programacións xerais anuais terán en conta a necesidade de afirmar a norma xeral de puntualidade nas entradas e inicio de cada clase ou actividade, aplicando as medidas específicas que se consideren.

Artigo 116.

1. As saídas do centro realizaranse en cada caso polos mesmos corredores e portas que se sinalan en cada aula ou dependencia aos efectos do plan de evacuación do centro.
2. Os alumnos que en período lectivo estean na cafetería ou calquera outro espazo que non corresponda ao da súa clase deberá acreditar o permiso a que se refire o artigo 62 deste Plan de Convivencia.
3. En horas de clase con ausencia do profesor, o alumnado non poderá abandonar a súa aula sen o permiso expreso do profesorado de garda ou dun membro do equipo directivo.
4. Cando a ausencia dun membro do profesorado se produza á última hora da xornada de mañá ou de tarde, os profesores de garda ou un membro do equipo directivo permitirán ao alumnado de 3º e 4º de ESO e de bacharelato abandonar o centro nos termos que se indican no artigo 73.3.
5. Nos tempos de lecer, o alumnado deberá abandonar as súas aulas. Se desexa estudar poderá ir á biblioteca ou ocupar as aulas que se indiquen especificamente para esa función ao principio do curso.

Artigo 117.

O alumnado utilizará os corredores do centro unicamente para desprazarse á súa aula ou desde ela cando lle cumpra, sen obstaculizar o tránsito. Non se poderá permanecer neles nos intercambios de clase ou durante os recreos.

Capítulo 4. Coidado do centro.

Artigo 118.

1. O alumnado deberá coidar que o recinto do centro e as súas dependencias estean limpos e evitará toda acción que poida ser contraria á hixiene e á estética. Neste senso, non se poderá comer, beber, mastigar chicle, etc. dentro do edificio, agás na cafetería.
2. O alumnado será responsable dos danos debidos á negligencia ou ao mal uso intencionado que produza no mobiliario do centro, na súa estrutura ou nas pertenzas doutras persoas que se atopen nel. En todo caso, contribuirá á reparación dos danos, sen prexuízo das sancións que se lle poidan impoñer.
3. Sancionarase, tamén, o feito de lixar os pupitres, cadeiras, paredes e demais dependencias do centro. Do mesmo xeito, procurarase que o mobiliario e instrumental empregados queden ordenados ao remate de cada xornada, seguindo as instrucións que a tal fin dea o equipo directivo, tutores ou o profesorado correspondente.
4. Non se poderán colocar sen permiso carteis ou adhesivos nas portas e paredes de aulas ou corredores, e nestas, se for o caso, só nas zonas revestidas de azulexo para evitar a deterioración.
5. O alumnado deberá contribuír ao consumo responsable e manterá posturas sustentables no uso de recursos e materiais.

Capítulo 5. Condutas e hábitos saudables e de respecto.

Artigo 119.

1. As formas de cortesía, o adecuado ton de voz, unha postura adecuada e o trato respectuoso aos demais son esixibles a todos os membros da comunidade educativa para contribuír a un clima de relación harmónica e a un mellor ambiente de traballo.

2. Alén doutras manifestacións, o respecto aos demais deberase traducir no silencio atento cando así o esixan as circunstancias: explicacións do profesor, intervencións de compañeiros, actuacións ou charlas no salón de actos, etc.

Artigo 120.

1. Os membros da comunidade escolar e axentes externos teñen prohibido facer manifestación no centro de calquera exhibición, conduta ou actividade contraria á saúde e aos valores educativos e democráticos que promove o centro, incluída a vestimenta.
2. Ningún membro da comunidade escolar ou visitante pode fumar e consumir alcol nos espazos do centro.

Capítulo 6. Protección de datos e da imaxe dos membros da comunidade escolar.

Artigo 121.

O IES As Lagoas está suxeito á normativa de protección de datos e respecto á imaxe dos membros da comunidade escolar e adopta como propio o protocolo específico que ten publicado a Consellería de Educación no enderezo

http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf

Artigo 122.

1. Todo os membros da comunidade escolar, singularmente o profesorado e persoal do centro, están obrigados a gardar reserva e confidencialidade sobre os datos persoais dos alumnos e calquera outro membro da comunidade do Instituto, nos termos que esixen as leis.
2. A solicitude de información particular que poida ser de interese pero exceda os mínimos administrativos esixidos deberá contar coa autorización da persoa correspondente ou, no caso dos alumnos, das persoas proxenitoras ou responsables legais dos mesmos.
3. Os membros da comunidade escolar do Instituto non poderán realizar fotografías, vídeos, audio e calquera outro tipo de gravacións doutros membros da comunidade escolar se non contan coa aprobación destes ou, no caso dos alumnos, das persoas proxenitoras e responsables legais dos mesmos.
4. As fotografías, vídeos, audio e calquera outro tipo de gravacións relacionadas co centro e as súas actividades só poderán ser realizadas e difundidas se contan coa autorización expresa da dirección, sen prexuízo de respectar as mesmas obrigas que se sinalan neste artigo.
5. É obriga dos membros da comunidade escolar manter reserva sobre as informacións e xuízos que se emitan nos órganos do centro sobre aspectos particulares dos seus membros. Nas circunstancias que o requiran, a información escrita que deba ser transmitida aos compoñentes de calquera órgano do centro levará indicada a lenda “reservado” ou “confidencial”.
6. O Instituto non poderá ofrecer información de datos individuais a persoas que non teñan acreditado o dereito a recibilos, nin a asociacións, entidades, medios de comunicación, etc., agás os organismos públicos específicos no exercicio das súas funcións.
7. É responsabilidade da asociación de nais e pais do Instituto procurar as propias autorizacións para a obtención e uso de datos de alumnos e as súas familias, sen prexuízo da colaboración que poidan ofrecer os servizos do centro para facilitar a súa solicitude.

TÍTULO IX.

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS.

Capítulo 1. Principios xerais.

Artigo 123.

Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que os alumnos corrixidos asuman o cumprimento dos seus deberes e melloren as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

Artigo 124.

1. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
2. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
3. Antes da imposición da corrección por incumprimento das normas de convivencia, terase presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado.
4. A ningunha alumna ou alumno poderá privarse do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.
5. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal dos alumnos.
6. Os pais, nais ou persoas proxenitoras deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten nas ocasións e termos previstos nos procedementos de corrección deste Plan de Convivencia.

Capítulo 2. Clases de condutas contrarias á convivencia.

Artigo 125.

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.

Artigo 126.

1. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia. Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.
2. Garantiráselle ao alumnado vítima de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación. Deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

3. Esta protección garantírase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza e controlen o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. O IES As Lagoas adopta como propio o protocolo de acoso proposto pola Consellería de Educación que se sinalou no artigo 23.

Artigo 127.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

Capítulo 3. Gradación das medidas.

Artigo 128.

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 133 e 159 deste Plan de Convivencia, tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere que propicie a vulnerabilidade.

Capítulo 4. Reparación de danos.

Artigo 129.

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos.
3. A reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible con outras correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Capítulo 5. Ámbito da corrección.

Artigo 130.

1. Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor.

2. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

TÍTULO X. CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

Capítulo 1. Identificación.

Artigo 131.

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 126.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregalo cando é requirido para iso polo profesorado e se trate de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 132.

A resolución do procedemento notificarase á alumna ou alumno, á nai, pai ou titores legais, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento. Comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

Capítulo 2. Medidas correctoras.

Artigo 133.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo e, en todo caso, asistir ás probas ou exames programados.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo e, en todo caso, asistir ás probas ou exames programados.
- f) Cambio de centro.

Artigo 134.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) e f) do artigo anterior.

Artigo 135.

1. A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional. A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.
2. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector, que será quen autorice.
3. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

Artigo 136.

Os alumnos aos que se aplique a medida de perda de dereito de asistencia ás clases ou ao centro poderán ser readmitidos antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

Capítulo 3. Inicio, instrución e determinación do procedemento de corrección.

Artigo 137.

1. Na corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito.
2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, contará coa presunción de veracidade e deberá conter como mínimo os seguintes datos:
 - a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
 - b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
 - c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
 - d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso no procedemento e os datos identificadores das persoas.
 - e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
 - f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

Artigo 138.

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. Corresponde á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características e circunstancias concretas da conduta que se vaia corrixir, así como da idade e circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado, e dos seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. A dirección do centro, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.
4. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida.
5. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.
6. Logo da valoración da conduta a corrixir e sempre que concorran as circunstancias necesarias, propiciarase a corrección mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.
7. A dirección do centro informará do procedemento ao profesorado titor da alumna ou alumno e á Comisión de Convivencia do Consello Escolar.

8. Nas oficinas administrativas do centro quedará constancia do expediente de corrección coa finalidade, entre outras, de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

Artigo 139.

1. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector
2. A persoa instrutora seleccionárase entre os profesores que teñan bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, de ser posible, formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos, procurando un criterio de reparto equitativo que evite no posible a repetición dos escollidos.
3. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:
 - a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
 - b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
 - c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas nos artigos 118 e 129.
 - d) Propor á dirección do centro o arquivo das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.
4. A resolución do procedemento notificarase á alumna ou alumno, á nai, pai ou titores legal, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento. Comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

Artigo 140.

1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificará esta por escrito á alumna ou ao alumno e ás persoas proxenitoras e, de se cumpriren os requisitos, daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaralles a utilización do procedemento común para a súa corrección
2. A incoación do procedemento notificarase ao alumno ou alumna e máis á nai ao pai ou titores legais, coa indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

Artigo 141.

1. As citacións ás alumnas ou aos alumnos e ás persoas proxenitoras realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.
2. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos e das persoas proxenitoras ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.
3. As audiencias e comparecencias das nais, pais ou titores legais nos procedementos regulados no desenvolvemento deste título X son obrigatorias e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

Artigo 142.

Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno e ás persoas proxenitoras a corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non recibir comunicación nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

Capítulo 4. O procedemento conciliado.

Artigo 143.

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediata corrección.
2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:
 - a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
 - b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

Artigo 144.

1. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto no artigo 138.
2. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:
 - a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
 - b) Cando a parte agraviada manifeste non estar disposta a acollerse ao procedemento conciliado.
 - c) Cando as persoas proxenitoras do alumno ou alumna responsable da conduta manifeste non estaren dispostas a acollerse ao procedemento conciliado.
 - d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

Artigo 145.

1. Cando as persoas proxenitoras da alumna ou do alumno opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa instrutora do procedemento e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles aos afectados e persoas que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén lles advertirá que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

4. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións. Os participantes deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas nos artigos 118 e 129.
5. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou alumna a quen se aplica a corrección e da persoa agraviada e as persoas proxenitoras de ambas cando proceda.
6. O acordo das partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro e mais, de ser o caso, pola persoa mediadora designada ao efecto.

Artigo 146.

1. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.
2. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 148.

Artigo 147.

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.
2. De forma ordinaria, a dirección propoñerá a intervención da persoa mediadora entre os membros da Comisión de Convivencia coa aceptación desta. Tamén poderán tamén exercer esta función os membros do equipo de mediación e de aula de convivencia inclusiva.
3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:
 - a) Contribuír ao proceso de conciliación.
 - b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
 - c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

Capítulo 5. Procedemento común.

Artigo 148.

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia utilizarase cando opten por el as persoas proxenitoras do alumno ou alumna suxeitos ao procedemento corrector opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.
2. O procedemento común require a instrución do expediente previsto no artigo 138 e seguintes.
3. A resolución do procedemento notificarase á alumna ou alumno, á nai, pai ou titores legal, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento. Comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

Artigo 149.

A persoa instrutora responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha terá en conta as seguintes indicacións:

- a) Deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.
- b) Disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.
- c) Finalizada a instrución do procedemento, formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e ás persoas proxenitoras convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

Capítulo 6. Resolución dos procedementos de corrección, reclamacións e execución.

Artigo 150.

Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

- a) Feitos probados.
- b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
- c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.
- d) Posibilidade de solicitar ante a Comisión de Convivencia, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

Artigo 151.

A dirección do centro notificaralles por escrito á alumna ou ao alumno e ás persoas proxenitoras a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.

Artigo 152.

As correccións que se impoñan por parte da dirección poderán ser revisadas pola Comisión de Convivencia por instancia das persoas proxenitoras ou representantes legais do alumno ou alumna suxeito ao procedemento.

Artigo 153.

As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

Capítulo 7. Compromisos educativos para a convivencia.

Artigo 154.

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se os alumnos corrixidos e as persoas proxenitoras asinan un compromiso educativo para a convivencia.
2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que a alumna ou o alumno e as persoas proxenitoras se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.
3. O compromiso educativo pode partir da iniciativa da dirección ou ser proposta da familia do alumno ou alumna. Neste caso, en función das características que presente, será competencia da dirección aceptalo, rexeitalo ou facer os axustes de mellora que permitan a súa aplicación.

4. As medidas para o seguimento do efectivo cumprimento das accións a que obriga o compromiso educativo corresponden á Comisión de Convivencia e contemplarán, polo menos, a redacción dunha memoria escrita elaborada polo alumno ou alumna co praxe da familia, e as comprobacións directas que se establezan coas persoas ou institucións implicadas.

Artigo 155.

A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou das persoas proxenitoras determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

Capítulo 8. Prescrición das condutas e das correccións.

Artigo 156.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos catro meses da súa comisión.
2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.
3. En caso das condutas gravemente prexudiciais interromperase a prescrición cando se inicie, con coñecemento do interesado ou da interesada, o procedemento para a corrección da conduta. Reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

Artigo 157.

As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón.

TÍTULO XI.

CONDUTAS LEVES CONTRA A CONVIVENCIA

Capítulo 1. Identificación.

Artigo 158.

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 131 que non alcancen a gravidade de dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 131.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

- e) As demais condutas que supoñan o incumprimento dos deberes e normas que lles correspondan e se indican nos títulos III, V, VI e VIII deste Plan de Convivencia mentres non se entendan gravemente prexudiciais para a convivencia.

Capítulo 2. Medidas correctoras.

Artigo 159.

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou á sala de espera na súa ausencia.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo e, en todo caso, asistir ás probas ou exames programados.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo e, en todo caso, asistir ás probas ou exames programados..

Artigo 160.

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas das alíneas a), b) e c) que se describen o artigo 159 deste Plan de Convivencia.
- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 159 deste Plan de Convivencia.
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 159 deste Plan de Convivencia.
- d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 159 deste Plan de Convivencia. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á Comisión de Convivencia do centro.
- e) O profesorado do equipo de aula de convivencia, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) , d) e e) do artigo 159 por delegación da xefatura de estudos.

Artigo 161.

Os alumnos a quen se lles apliquen as medidas correctoras recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 159 deste Plan de Convivencia, e as persoas proxenitoras destes poderán mostrar o seu desacordo

coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro. Esta, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

Artigo 162.

A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o artigo anterior, así como as restantes recollidas neste capítulo, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

Artigo 163.

A compromiso educativo para a convivencia a que se refire o capítulo 7 do título X é, nos mesmos termos, de aplicación para a corrección das condutas leves contra a convivencia.

Capítulo 3. Prescrición das condutas e das correccións.

Artigo 164.

As condutas leves contrarias á convivencia prescriben ao mes da súa comisión. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

Artigo 165.

As medidas correctoras previstas para as condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

TÍTULO XII.

ORGANOS DE CONVIVENCIA.

Capítulo 1. Comisión de Convivencia.

Artigo 166.

1. A Comisión de Convivencia do IES As Lagoas está composta polos seguintes membros: o director ou directora do Instituto, dous representantes do alumnado, catro representantes do profesorado, un representante das familias e un representante do persoal de administración e servizos.
2. Os catro membros do profesorado son o xefe ou xefa de estudos, o xefe ou xefa do departamento de orientación, un membro do equipo de convivencia inclusiva e un membro do Consello Escolar representante dos profesores.
3. Preside a Comisión a persoa titular da dirección. Actuará como secretaria ou secretario un dos membros da mesma por proposta da dirección, que levantará a acta das súas reunións.
4. O nomeamento das persoas integrantes da Comisión de Convivencia corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados. Os membros propostos poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Artigo 167.

1. A Comisión de Convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

2. A Comisión de Convivencia ten carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia e velará pola correcta aplicación do disposto neste Plan de Convivencia.
3. A Comisión de Convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:
 - a) Elaborar e actualizar o Plan de Convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
 - b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
 - c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
 - d) Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
 - e) Propor á dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
 - f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
 - g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
 - h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
 - i) Revisar as medidas de corrección aplicadas pola dirección ás condutas gravemente prexudiciais cando se produce o recurso que sinala o artigo 152.
 - j) Participar, a través da persoa máis adecuada que se considere en cada momento, como mediadora nos actos de conciliación do procedemento conciliado consonte as pautas que se sinalan no artigo 145.
 - k) Coñecer os procedementos de corrección incoados por faltas gravemente prexudiciais e as condutas ás que se lles aplicaron as medidas a que se refiren as alíneas f), g) e h) do artigo 159.
 - l) Coñecer e analizar a actividade que desenvolve o equipo de aula de convivencia inclusiva e o equipo de mediación.
 - m) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar no ámbito da convivencia.

Artigo 168.

Cando a Comisión de Convivencia o considere oportuno, poderá solicitar o asesoramento das profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, dos educadores sociais do concello e doutros profesionais ou entidades relacionados a problemática de que se trate.

Capítulo 2. Aula de convivencia inclusiva.

Artigo 169.

1. A aula de convivencia inclusiva ten as funcións que se describen no artigo 12 deste Plan de Convivencia. A aula debe servir para dar resposta a tres obxectivos: como espazo de reflexión, de traballo e como observatorio periódico da convivencia. Ademais pódese utilizar

puntualmente para labores de asesoramento, tarefas encomendadas en procesos de reeducación, mediación e outras relacionadas coa convivencia.

2. As funcións da aula convivencia desenvolveraaas o equipo formado polo xefe ou xefa de estudos, a xefa do departamento de orientación, a persoa encargada de coordinar a mediación e un número de membros do profesorado non inferior a catro, con esa específica dedicación fixada no seu horario docente.
3. O equipo de convivencia, coordinado pola xefatura de estudos, determinará as asignacións dos distintos alumnos e as medidas de reeducación ou control que corresponden en cada caso.

Artigo 170.

4. Para a atención da aula de convivencia contarase coa colaboración do departamento de orientación. No caso do alumnado que fose obxecto dun expediente corrector ou que presente problemas de conduta de forma reiterada, o departamento de orientación programará as actividades reeducadoras vinculadas ao programa de habilidades sociais, no horario que se determine.
5. En todo caso, corresponde ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar o efectivo cumprimento das medidas e actuacións propostas para o alumnado.
6. A aula de convivencia inclusiva contará coa colaboración dos titores de grupo e mais o profesorado de garda, que exercerá funcións de control e axuda ao alumnado da aula de convivencia inclusiva en momentos puntuais para a realización de tarefas encomendadas.
7. Especial relevancia na resolución de conflitos é a persoa responsable de mediación, que exercerá a súa función a partir da aula de convivencia inclusiva en estreita colaboración coa xefatura de estudos e o departamento de orientación. Asemade será o/a docente encargado da constitución e funcionamento dos grupos de mediación, especialmente entre iguais.
8. A aula de convivencia inclusiva estará aberta e atendida polo profesorado do equipo nos horarios de lecer do alumnado, de maneira que sempre teña oportunidade de acudir a ela cando o requira.
9. No caso de alumnos privados temporalmente do dereito de asistencia á clase, ademais da específica aula de convivencia inclusiva, poderanse utilizar outros espazos con recursos (como pode ser a biblioteca) para as tarefas encomendadas, sempre supervisados polo profesorado do equipo ou polo profesorado de garda.

TÍTULO XIII

A CONVIVENCIA COMO TAREFA COMÚN: DIFUSIÓN, AVALIACIÓN E COLABORACIÓN.

Capítulo 1. Responsabilidade de velar polo cumprimento do Plan.

Artigo 171.

1. As normas que se inclúen no Plan de Convivencia convivencia do IES As Lagoas serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.
2. O equipo directivo do centro, o Claustro e o Consello Escolar, a través da Comisión de Convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.

Artigo 172.

1. Os órganos de convivencia e os distintos axentes que atenden de forma directa a corrección das condutas dos alumnos (xefatura de estudos, titores, equipo de aula de convivencia...) deberán contar cando proceda co recurso aos servizos sociais externos.

2. Na medida en que a normativa xeral é contundente ao sinalar, para os profesionais que desenvolven a súa actividade con menores, importantes responsabilidades ante as situacións de desprotección ou abuso que se detecten, este Plan de Convivencia inclúe a obriga da dirección do Instituto de denunciar ante os poderes xudiciais calquera indicio que se manifeste neste sentido e ofrecerá á Fiscalía de Menores toda a colaboración do centro.

Capítulo 2. Difusión e publicidade.

Artigo 173.

1. As normas deste Plan de Convivencia estarán a disposición da comunidade escolar de forma impresa na secretaría do Instituto e accesible a través da súa páxina web.
2. O plan de acción titorial asegurará coas súas actividades a difusión e coñecemento entre os alumnos dos aspectos fundamentais das normas de organización e funcionamento do Instituto
3. No programa de información, acollemento e presentación do centro que se debe desenvolver no comezo de cada curso escolar, o equipo directivo, coa colaboración dos titores e os servizos administrativos do centro, indicarán aos pais, nais ou titores legais as normas principais de convivencia e as formas de comunicación recíproca que deben ter en relación co centro.

Capítulo 3. Análise e avaliación.

Artigo 174.

1. Os informes que os artigos 26 e 27 asignan, aos efectos de análise e avaliación, á Comisión de Convivencia e á dirección, a través da persoa que exerce a xefatura de estudos, son extensibles a todo o contido deste Plan de Convivencia.
2. O tratamento da convivencia é un asunto central e permanente do Instituto e como tal a súa consideración estará obrigadamente presente na programación xeral do centro, na actividade individual do profesorado e persoal administrativo e de servizos, e no exercicio de coordinación e representación que corresponde aos membros dos órganos do centro.
3. Órganos non específicos como a Comisión de Coordinación Pedagóxica nas súas reunións, a xuntas de coordinación das titorías e calquera sesión de Claustro ou Consello Escolar poden ser en calquera momento marcos adecuados para o tratamento da convivencia se así o reclaman as circunstancias.

Ourense, abril de 2016.

PLAN DE CONVIVENCIA DO IES AS LAGOAS

TÍTULO I:

PRINCIPIOS XERAIS

Capítulo 1. O Plan de Convivencia.	1
Capítulo 2. Obxectivos xerais.	1
Capítulo 3. Situación de convivencia no IES As Lagoas.	2
Capítulo 4. Obxectivos específicos de convivencia do IES As Lagoas.	2

TÍTULO II.

ACTUACIÓN MEDIDAS E PROGRAMAS

Capítulo 1. Actuación preventivas.	4
Capítulo 2. Actuación formativas.	4
Capítulo 3. O programa de habilidades sociais e outras accións para a mellora da convivencia.	5
Capítulo 4. Aula de convivencia inclusiva.	5
Capítulo 5. Mediación escolar.	5
Capítulo 6. Protocolos de actuación e documentos.	8
Capítulo 7. Difusión das actuacións, programas e medidas.	8
Capítulo 8. Seguimento e avaliación das actuacións.	8

TÍTULO III

DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN RELACIÓN COA CONVIVENCIA	9
Capítulo 1. Deberes e dereitos das nais e pais ou dos titores legais.	9
Capítulo 2. Dereitos e deberes do alumnado.	9
Capítulo 3. Dereitos e deberes do profesorado.	10
Capítulo 4. Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos.	11
Capítulo 5. O deber de comunicación dos incumprimentos. O parte de incidencias.	11

TÍTULO IV

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO:

ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN	12
Capítulo 1. Participación no funcionamento do centro.	12
Capítulo 2. Órganos de representación do alumnado. Os delegados.	12
Capítulo 3. Órganos de representación do alumnado. A xunta de delegados.	14
Capítulo 4. Órganos de representación do profesorado. O Claustro.	14
Capítulo 5. Órganos de coordinación e equipos docentes.	15
Capítulo 6. O Consello Escolar.	16
Capítulo 7. Foros de debate.	17

TÍTULO V.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO:

ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA	18
Capítulo 1. Asistencia ás actividades lectivas. O profesorado.	18
Capítulo 2. Asistencia ás actividades lectivas. Os alumnos.	19
Capítulo 3. Horarios.	21
Capítulo 4. Alteracións ocasionais do horario oficial.	21
Capítulo 5. Gardas.	22
Capítulo 6. Outros tipos especiais de garda.	22
Capítulo 7. Titorías.	23
Capítulo 8. Programacións.	24
Capítulo 9. Avaliacións.	24
Capítulo 10. Reclamacións e revisións de probas e cualificacións.	25

TÍTULO VI	
NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO:	
ADMINISTRACIÓN DOS SERVIZOS, DEPENDENCIAS E RECURSOS MATERIAIS	26
Capítulo 1. Utilización polos membros da comunidade escolar.	26
Capítulo 2. Utilización por persoas ou entidades alleas.	27
Capítulo 3. O persoal de administración e servizos.	28
TÍTULO VII.	
NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESOLARES	29
Capítulo 1. Programación.	29
Capítulo 2. Participación dos alumnos.	30
Capítulo 3. Participación dos profesores.	31
Capítulo 4. Financiamento.	32
TÍTULO VIII.	
NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO:	
CONDUTAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA	32
Capítulo I. Principios xerais.	32
Capítulo 2. Teléfonos móbiles.	33
Capítulo 3. Entradas, saídas e uso de corredores.	33
Capítulo 4. Coidado do centro.	34
Capítulo 5. Condutas e hábitos saudables e de respecto.	34
Capítulo 6. Protección de datos e da imaxe dos membros da comunidade escolar.	35
TÍTULO IX.	
CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓN.	36
Capítulo 1. Principios xerais.	36
Capítulo 2. Clases de condutas contrarias á convivencia.	36
Capítulo 3. Gradación das medidas.	37
Capítulo 4. Reparación de danos.	37
Capítulo 5. Ámbito da corrección.	37
TÍTULO X.	
CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS	38
Capítulo 1. Identificación.	38
Capítulo 2. Medidas correctoras.	39
Capítulo 3. Inicio, instrución e determinación do procedemento de corrección.	40
Capítulo 4. O procedemento conciliado.	42
Capítulo 5. Procedemento común.	43
Capítulo 6. Resolución dos procedementos de corrección, reclamacións e execución.	44
Capítulo 7. Compromisos educativos para a convivencia.	44
Capítulo 8. Prescrición das condutas e das correccións.	45
TÍTULO XI.	
CONDUTAS LEVES CONTRA A CONVIVENCIA	45
Capítulo 1. Identificación.	45
Capítulo 2. Medidas correctoras.	46
Capítulo 3. Prescrición das condutas e das correccións.	47
TÍTULO XII.	
ORGANOS DE CONVIVENCIA.	47
Capítulo 1. Comisión de Convivencia.	47

Capítulo 2. Aula de convivencia inclusiva.	48
TÍTULO XIII	
A CONVIVENCIA COMO TAREFA COMÚN: DIFUSIÓN, AVALIACIÓN E COLABORACIÓN.	49
Capítulo 1. Responsabilidade de velar polo cumprimento do Plan.	49
Capítulo 2. Difusión e publicidade.	50
Capítulo 3. Análise e avaliación.	50